Facultade de Ciencias Políticas e Sociais

Traballo de Fin de Máster

A configuración da imaxe dos liderados políticos con perspectiva de xénero na prensa escrita: temas, atributos e emocións

Raquel Aragunde Rey

Máster en

Tecnoloxías en Marketing e Comunicación Política

Ano 2025

Traballo de Fin de Master presentado na Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago de Compostelapor Raquel Aragunde Rey, como requisito para a obter o título de Máster en Tecnoloxías en Márketing e Comunicación Política e que conta coa autorización e dirección de Diego Mo Groba, para a súa presentación e defensa.

Resumo:

Este Traballo de Fin de Máster (TFM) analiza a configuración da imaxe de Pedro Sánchez, Yolanda Díaz, Isabel Díaz Ayuso e Alberto Núñez Feijóo como líderes políticos nos medios de comunicación. Centrándose nos artigos de opinión publicados nas versións dixitais de El País e El Mundo nos meses previos ás eleccións xerais de xullo de 2023, o seu obxectivo principal é explorar a influencia do xénero e a ideoloxía na representación de atributos, temas e dimensións emocionais asociadas a estes líderes.

A investigación adopta un enfoque maiormente cualitativo, combinando a Análise Crítica do Discurso (ACD) con análise de contido interpretativa (mediante ATLAS.ti para codificación temática e atributiva) e análise lexicométrica da dimensión emocional (con LIWC). A mostra está composta por 24 artigos de opinión: 12 de El País e 12 de El Mundo.

Os resultados revelan que o xénero e a afinidade ideolóxica son determinantes na configuración da imaxe dos líderes, así mesmo, obsérvanse claras diferenzas na crítica mediática dirixida a homes e mulleres, manifestándose en matices emocionais distintos e na atribución de roles que, no caso de Ayuso, desafían os estereotipos tradicionais. Ademais, confírmase unha forte polarización ideolóxica, onde os medios utilizan o enfado como ferramenta de confrontación para os adversarios e a contención emocional como lexitimación implícita para os afíns. Conclúese que os artigos de opinión son centrais no "xiro afectivo" da política, xa que temas, atributos e emocións se interrelacionan estratexicamente para moldear as percepcións públicas e a decisión de voto, demostrando que constitúen ferramentas fundamentais na configuración da imaxe do poder político na era dixital.

Palabras clave: liderado político, xénero, ideoloxía, imaxe, emocións, artigos de opinión, análise crítica do discurso.

Resumen:

Este Trabajo de Fin de Máster (TFM) analiza la configuración de la imagen de Pedro Sánchez, Yolanda Díaz, Isabel Díaz Ayuso y Alberto Núñez Feijóo como líderes políticos en los medios de comunicación. Centrándose en los artículos de opinión publicados en las versiones digitales de El País y El Mundo en los meses previos a las elecciones generales de julio de 2023, su objetivo principal es explorar la influencia del género y la ideología en la representación de atributos, temas y dimensiones emocionales asociadas a estos líderes.

La investigación adopta un enfoque mayormente cualitativo, combinando el Análisis Crítico del Discurso (ACD) con análisis de contenido interpretativo (mediante ATLAS.ti para codificación temática y atributiva) y análisis lexicométrico de la dimensión emocional (con LIWC). La muestra está compuesta por 24 artículos de opinión: 12 de El País y 12 de El Mundo.

Los resultados revelan que el género y la afinidad ideológica son determinantes en la configuración de la imagen de los líderes. Asimismo, se observan claras diferencias en la crítica mediática dirigida a hombres y mujeres, manifestándose en matices emocionales distintos y en la atribución de roles que, en el caso de Ayuso, desafían los estereotipos tradicionales. Además, se confirma una fuerte polarización ideológica, donde los medios utilizan el enfado como herramienta de confrontación para los adversarios y la contención emocional como legitimación implícita para los afines. Se concluye que los artículos de opinión son centrales en el "giro afectivo" de la política, ya que temas, atributos y emociones se interrelacionan estratégicamente para moldear las percepciones públicas y la decisión de voto, demostrando que constituyen herramientas fundamentales en la configuración de la imagen del poder político en la era digital.

Palabras clave: liderazgo político, género, ideología, imagen política, emociones, artículos de opinión, análisis crítico del discurso.

Abstract:

This Master's Final Project (TFM) analyzes the construction of the image of Pedro Sánchez, Yolanda Díaz, Isabel Díaz Ayuso, and Alberto Núñez Feijóo as political leaders in the media. Focusing on opinion articles published in the digital versions of El País and El Mundo in the months leading up to the general elections of July 2023, its main objective is to explore the influence of gender and ideology on the representation of attributes, themes, and emotional dimensions associated with these leaders.

The research adopts a predominantly qualitative approach, combining Critical Discourse Analysis (CDA) with interpretive content analysis (using ATLAS.ti for thematic and attributive coding) and lexicometric analysis of the emotional dimension (with LIWC). The sample consists of 24 opinion articles: 12 from El País and 12 from El Mundo.

The results reveal that gender and ideological affinity are determinant in shaping the leaders' image. Furthermore, clear differences are observed in media criticism directed at men and women, manifesting in distinct emotional nuances and in the attribution of roles that, in Ayuso's case, challenge traditional stereotypes. Additionally, a strong ideological polarization is confirmed, where the media uses anger as a tool for confronting adversaries and emotional restraint as implicit legitimation for allies. It is concluded that opinion articles are central to the "affective turn" in politics, as themes, attributes, and emotions strategically interrelate to shape public perceptions and voting decisions, demonstrating that they constitute fundamental tools in shaping the image of political power in the digital age.

Keywords: Political leadership , gender, ideology, political image, emotions, opinion articles, critical discourse analysis.

1. Introdución **8**
2. Marco teórico **10**
2.1. Liderado político e medios de comunicación 10
2.1.1.Atributos do liderado político 14
2.1.1.1. Atributos baixo perspectiva de xénero no liderado político 16
2.2. Emocións e liderado político 18
2.3. Temas e liderado político 20
3. Obxectivos e hipóteses **23**
3.1. Obxectivos 23
3.2. Hipóteses 23
4. Metodoloxía **24**
4.1. Mostra seleccionada 24
4.1.2. Artigos analizados 25
4.2. Variables e categorías de análise: liderado político, xénero, ideoloxía e representación mediática 26
4.3. Técnicas de análise 27
4.3.1. Análise Crítica do Discurso 27
4.3.2. Análise de Contido Asistida 28
4.3.2.1. Uso do software ATLAS.TI na investigación cualitativa 28
4.3.2.2. Categorías de análise e codificación en Atlas 28
4.3.3. Sentiment Analysis 34
4.3.3.1. Análise Emocional Automatizada (LIWC-22) 35
5. Análise **37**
5.1. Configuración mediática de temas e imaxe dos liderados 37
5.1.1. Pedro Sánchez: temas e imaxe nos medios 38
5.1.1.1. Temas predominantes 39
5.1.1.3. Coocorrencias entre temas e atributos de imaxe 41
5.1.2. Yolanda Díaz: temas e imaxe nos medios 43
5.1.2.1. Temas predominantes 44
5.1.2.2. Representación da súa imaxe 45
5.1.2.3. Coocorrencias entre temas e atributos de imaxe 46
5.1.3. Alberto Núñez Feijóo: temas e imaxe nos medios 48
5.1.3.1. Temas predominantes 49
5.1.3.2. Representación da súa imaxe 50
5.1.3.3. Coocorrencias entre temas e atributos de imaxe 51
5.1.4. Isabel Díaz Ayuso: temas e imaxe nos medios 53
5.1.4.1. Temas predominantes 54
5.1.4.2. Representación da súa imaxe 55
5.1.4.3. Coocorrencias entre temas e atributos de imaxe 57
5.1.5. Resultados xerais de coocorrencias 58
5.1.5.1. Construción da imaxe: Comparación por xénero 59

5.1.5.2. Construción da imaxe: Comparación por ideoloxía 59
5.1.5.2. Construción da imaxe: Comparación temática 60
7.1.5.3. Representación de mulleres líderes: entre o compromiso feminista e os esterotipos de xénero 60
5.2. Configuración emocional dos liderados a través dos medios 61
5.2.1. Configuración emocional de Pedro Sánchez 61
5.2.1.1. Carga emocional 62
5.2.1.2. Síntese dos resultados 63
5.2.2. Configuración emocional de Yolanda Díaz 63
5.2.2.1. Carga emocional 64
5.2.2.2. Síntese dos resultados 64
5.2.3. Configuración emocional de Alberto Núñez Feijóo 65
5.2.3.1. Carga emocional xeral 65
5.2.3.2. Síntese dos resultados 66
5.2.4. Configuración emocional de Isabel Díaz Ayuso 67
5.2.4.1. Carga emocional 67
5.2.4.2. Síntese dos resultados 68
5.2.5. Comparación transversal dos resultados da análise emocional 68
5.2.5.1. A fractura ideolóxica: Esquerda vs. dereita 69
5.2.5.2. Nesgo de xénero: Homes vs. mulleres 70
5.2.5.3. Patróns estratéxicos no uso da emoción 71
5.3. Interpretación conxunta dos resultados 71
5.3.1. Construción da imaxe de liderado: Un dobre filtro de xénero e ideoloxía 72
5.3.2. Polarización Ideolóxica: Os temas e as emocións como impulsores 73
5.3.3. Estratexias mediáticas e o “xiro afectivo” na política contemporánea 74
6. Conclusións 75
Bibliografía 77
Anexos 81
Artigos de opinión analizados 81
Pedro Sánchez 81
El País *81*
El Mundo *85*
Yolanda Díaz 87
El País *87*
El Mundo *91*
Alberto Núñez Feijóo 94
El País *94*
El Mundo *97*
Isabel Diaz Ayuso 101
El País *101*
El Mundo *104*
Táboas de resultados de ATLAS.ti 111
Resultados Pedro Sánchez 111
Resultados Yolanda Díaz 122

Resultados Alberto Núñez Feijóo 133
Resultados Isabel Díaz Ayuso 144
Táboas de resultados de LIWC-22 155
Resultados Pedro Sánchez 155
Resultados Yolanda Díaz 155
Resultados Alberto Núñez Feijóo 156
Resultados Isabel Díaz Ayuso 156

1. Introdución

A política é, en esencia, unha loita polo imaxinario colectivo: quen somos, quen nos representa, cara a onde imos. No século XXI, e máis concretamente na década que nos atinxe, esa batalla xa non se libra unicamente nos parlamentos nin nas rúas, senón tamén nos discursos mediáticos que moldean emocións, ideoloxías e percepcións sobre quen exerce o liderado. De aí que o estudo do liderado político contemporáneo esixa unha análise profunda dos mecanismos a través dos cales a súa imaxe se constrúe e se percibe na esfera pública. Nun ecosistema mediático cada vez máis complexo, os artigos de opinión xogan un papel crucial na configuración da axenda pública e na modulación da percepción cidadá sobre as figuras políticas. Esta investigación céntrase en explorar a complexa relación entre a comunicación mediática e a edificación do liderado, prestando especial atención a como factores como o xénero e a ideoloxía inflúen na representación de atributos, temas e dimensións emocionais asociadas aos e ás líderes.

Con este contexto, a intención que se ten con este Traballo de Fin de Máster é analizar a construción mediática do liderado político de catro líderes españois a través dos artigos de opinión publicados nas versións dixitais de *El País* e *El Mundo* nos meses previos ás eleccións xerais de xullo de 2023, examinando as dimensións de xénero, ideoloxía, temas tratados, emocións transmitidas e atributos representados. Para acadar este propósito, a metodoloxía empregada combina a Análise Crítica do Discurso con técnicas de análise de contido asistida e léxicometrica, combinación que permitirá identificar patróns na asignación de atributos, na predominancia de certos temas e na carga emocional atribuída a cada líder, buscando desvelar posibles nesgos relacionados co seu xénero ou coa ideoloxía tanto do medio como da figura política.

Os catro líderes seleccionados para este estudo representan unha selección estratéxica do panorama político español na contorna das eleccións xerais de xullo de 2023, reflectindo parte da diversidade ideolóxica que definiu o escenario político nese proceso electoral. En primeiro lugar, en canto ao espectro ideolóxico da esquerda, seleccionouse, primeiramente, a Pedro Sánchez, Presidente do actual Goberno e líder do Partido Socialista Obreiro Español, por ser unha figura central na política española dos últimos anos. Ata estas eleccións nas que está enmarcado o estudo, Pedro Sánchez foi o presidente do Goberno de coalición con Unidas Podemos, e despois do proceso electoral de 2023, volveu iniciar unha nova etapa de goberno en alianza con Sumar, formación liderada por Yolanda Díaz. A súa xestión estivo marcada pola aposta por políticas sociais e progresistas, así como polo reto de dirixir o país durante a pandemia da COVID-19, entre outras crise e problemáticas que golpearon o país durante a súa anterior lexislatura. O seu liderado estivo constantemente sometido a un intenso escrutinio mediático, coa súa imaxe oscilando entre o recoñecemento pola súa capacidade de negociación e audacia política, e as críticas á súa estratexia, á súa coalición de goberno e ao seu perfil en ocasións catalogado como "excesivamente presidencialista". Pola súa banda, Yolanda Díaz, Vicepresidenta Segunda do Goberno e Ministra de Traballo e Economía Social, emerxeu como a figura máis relevante á esquerda do PSOE despois destes comicios, de aí que fora escollida para esta mostra, o que permite ademais incluír tanto un home como unha muller no ámbito da esquerda, do mesmo xeito que no espectro da dereita. O seu liderado caracterízase por un estilo máis suave e dialogante, orientado á procura de consensos e afastado da confrontación directa, representando un espazo ideolóxico progresista, aínda que non tan belixerante como o que anteriormente encarnaban os ministros e ministras de Unidas Podemos.

No espectro da dereita, Isabel Díaz Ayuso, Presidenta da Comunidade de Madrid desde agosto de 2019 e figura destacada do Partido Popular, consolidouse como un referente clave dentro do partido e da política española. A súa relevancia explícase tanto polo peso institucional que indubidablemente supón gobernar a Comunidade de Madrid, así como polo seu diferenciado estilo político, marcado por un discurso directo, a defensa da liberdade individual e unhas políticas fiscais particulares. Estes elementos déronlle unha forte proxección nacional, converténdoa nunha das líderes máis recoñecibles da dereita española, con capacidade de mobilizar apoios e de marcar a axenda política máis aló do ámbito autonómico. Finalmente, o candidato masculino seleccionado de dereitas é Alberto Núñez Feijóo, como líder do Partido Popular e principal figura da oposición no momento do estudo, vindo dunha longa traxectoria como presidente da Xunta de Galicia, o que o dotou dunha imaxe de xestor experimentado e moderado, buscando proxectar unha alternativa de goberno estable e seria fronte ao executivo de coalición. O seu liderado caracterizouse pola busca de consolidación do espazo do Partido Popular e a formulación dunha alternativa programática, situándose no centro do debate político nacional de cara ás eleccións. Así mesmo, a análise conxunta destas catro figuras permitirá unha comparación robusta de como o xénero e a ideoloxía se entrelazan na súa representación mediática.

Cabe destacar que, aínda que figuras como Santiago Abascal (Vox) exercen tamén un papel relevante no escenario político (de feito, VOX obtivo 2 escanos máis nese proceso electoral que Sumar), a decisión de limitar o estudo a Pedro Sánchez, Yolanda Díaz, Isabel Díaz Ayuso e Alberto Núñez Feijóo responde á necesidade de acoutar o corpus de análise e de focalizar a investigación na comparación entre dous partidos de goberno e dous da principal oposición, abarcando así un espectro ideolóxico de centro-esquerda a centro-dereita e explorando as dinámicas de xénero a través de dous líderes masculinos e dúas líderes femininas. Así, deste xeito esta elección permite un afondamento na análise das especificidades discursivas sen dispersar o foco do estudo, ademais de unha mostra abarcable para o tempo e os recursos que se dispoñen na realización dun TFM como este.

Por outra banda, para a consecución deste estudo, seleccionáronse as versións dixitais de *El País* e *El Mundo*, dous dos xornais de referencia no panorama mediático español, que exercen unha influencia significativa na formación da opinión pública. Por un lado, *El País*, tradicionalmente asociado a unha liña editorial máis próxima ao centro-esquerda e ao progresismo, mantén unha posición de liderado en termos de audiencia e prestixio, e a súa cobertura e, en particular, os seus artigos de opinión, contribúen a establecer marcos interpretativos sobre a actualidade política. Pola outra banda, *El Mundo* sitúase no espectro do centro-dereita, e caracterízase por unha liña editorial máis crítica coas políticas da esquerda e cunha marcada capacidade para marcar axenda desde unha perspectiva conservadora. Así mesmo, a elección destes dous medios non é aleatoria, senón que se xustifica pola súa relevancia, a súa influencia na configuración da esfera pública e, fundamentalmente, pola súa clara diferenciación ideolóxica, o que permitirá analizar posibles nesgos e patróns de representación discursiva en función da afinidade (ou falta de afinidade) política coas figuras analizadas.

Ademais da contextualización dos líderes e dos medios, é fundamental subliñar a relevancia da contorna temporal elixida para a selección dos artigos de opinión (os meses previos ás eleccións xerais de xullo de 2023), xa que por razóns evidentes, como adoita acontencer os meses previos ás eleccións, neste período, intensificouse a produción de contidos de opinión sobre os líderes, converténdoos en obxectos de atención prioritaria. Nun contexto de alta polarización política e fragmentación do voto, a construción mediática dos liderados adquire unha importancia capital, e isto sumado ao carácter imprevisible que tiñan os resultados

electorais de xullo de 2023, así como a súa posterior resolución, subliñan a necesidade de comprender como se modelaron as percepcións públicas dos contendentes durante a campaña.

Por outra banda, cabe aclarar que, consciente da insuficiencia do masculino xenérico para representar a totalidade da diversidade de xénero e do camiño que aínda queda por percorrer cara a unha linguaxe verdadeiramente inclusiva, e co obxectivo de contribuír a unha comunicación máis equitativa e reflexiva, procurarase empregar formulacións neutras ou duais sempre que sexa posible. Non obstante, por motivos de claridade, fluidez e economía lingüística no texto académico, en certos contextos poderanse utilizar termos en masculino (como "candidatos", "políticos", "expertos") como xenéricos. Sublíñase que esta elección non implica unha exclusión simbólica das mulleres, senón que se realiza unicamente por convención gramatical e funcional, entendéndose sempre que estas referencias abranguen a todos os xéneros, agás cando se indique explicitamente o contrario.

Para rematar, cómpre mencionar que este Traballo de Fin de Máster xorde da premisa de que a representación mediática dos liderados non é neutra, senón que está profundamente influída por factores como o xénero ou a ideoloxía, os cales configuran os atributos, os temas asociados e as dimensións emocionais que se lles atribúen. Este estudo é relevante pola súa aptitude para desvelar os mecanismos discursivos mediante os cales os medios de prensa escrita dixital de referencia en España, especificamente os de titularidade privada e non os de ámbito público, constrúen e moldean a percepción pública de figuras políticas clave. É crucial comprender estes procesos para analizar de forma crítica a elaboración das narrativas políticas actuais e o seu impacto na configuración de identidades e na participación da cidadanía.Ademais, nun panorama onde as emocións xogan un papel crecente na decisión de voto e na polarización, examinar a carga afectiva atribuída aos líderes por cada unha das cabeceiras seleccionadas resulta imprescindible. Esta investigación non só achegará luz sobre a dinámica mediática do liderado en España, senón que tamén ofrecerá unha valiosa contribución ao campo da comunicación política e os estudos de xénero.

2. Marco teórico

2.1. Liderado político e medios de comunicación

Isto foi así, en parte porque, nas democracias parlamentarias europeas, a influencia dos líderes foi estudada maioritariamente dende unha perspectiva estadounidense, baseada nun sistema presidencialista, o que desencadeou en certas limitacións para a investigación electoral, xa que o papel que desempeñan os líderes é moi distinto en ámbolos sistemas (Curtice, 2002). Nos Estados Unidos, por exemplo, o presidente é escollido directamente polos cidadáns nas eleccións. Pola contra, en sistemas parlamentarios como os de España ou Reino Unido, os votantes elixen os membros do lexislativo, e son estes quen, posteriormente, apoian e elixen o executivo. Ademais, o nivel de autonomía e independencia que goza o executivo nos sistemas presidencialistas non é o mesmo que nos parlamentarios, nos cales depende directamente do apoio deste último para levar a cabo as súas decisións. A idea central sobre a que versan as diferenzas en gran medida é que nos réximes presidenciais os electores votan aos candidatos/as, e nos parlamentarios, votan aos partidos, polo que, deste xeito, os líderes non son os obxectos directos sobre os que recae a elección, ou polo menos non de maneira formal (Rico, 2008). Esta situación provocou que durante décadas, os expertos na temática asumiran que os líderes partidistas nos sistemas parlamentarios, tomando o británico como referencia,

apenas exerceran influencia electoral. Un exemplo é o caso de Crewe e King (1994), que nun principio apuntaron a posibilidade de que os candidatos puideran provocar xiro total dos resultados en ocasións puntuais, pero un tempo despois, os seus aportes rebaixaron a posible importancia que lle deran nun principio ás características persoais dos líderes, apostando máis por variables como as predisposicións políticas dos votantes, as avaliacións dos partidos, e as consideracións que se teñan sobre os issues.

Por outro lado, evidenciando a falta de un mínimo consenso ou conclusións firmes sobre a influencia real dos candidatos e candidatas nas eleccións en sistemas parlamentarios, é importante mencionar que outros autores se afastaron dos postulados clásicos da Escola de Michigan. É o caso de Andersen e Evans (2003, 2005), quen atribuíron ás imaxes dos líderes un papel fundamental na explicación do voto nas eleccións británicas de 2001 e 2005. Segundo estes autores, as percepcións sobre os líderes, xunto coa identificación partidaria, constitúen os factores máis determinantes á hora de predicir o comportamento electoral. Estes elementos resultan mesmo máis relevantes que outras variables tamén significativas, como a proximidade ideolóxica aos partidos ou a valoración da súa capacidade para xestionar os temas de maior interese público.

Así mesmo, o concepto de liderado político é moi complexo, e foi estudado dende diferentes ramas da teoría política, a socioloxía e a ciencia política contemporánea. A súa análise permítenos identificar non só quen exerce o poder como tal, senón tamén o xeito no que o exerce, a lexitimidade baixo a cal se sustenta, as estratexias discursivas que o enmarcan, e a relación simbólica que se da entre quen o protagoniza e a cidadanía. Se nos remontamos ás raíces deste concepto, un dos autores fundamentais é Max Weber, quen propón no seu modelo de dominación entre tres tipos de autoridade que se relacionan directamente co tipo de liderado: a tradicional, a legal-racional e a carismática. O liderado carismático, segundo o autor, é aquel que se basea nas calidades excepcionais do líder, como pode ser a heroicidade, a santidade ou a capacidade de inspirar (Weber, 1995). Este tipo de liderado pode cobrar moita relevancia en contextos de crise ou profundos cambios, onde este pode ser percibido para a sociedade como unha figura de salvación ante a incerteza.

Uns anos antes que Weber, e nunha liña diferente, James MacGregor Burns (1978), outro autor básico á hora de entender o concepto de liderado político, propón unha distinción entre liderado transaccional e transformacional. O liderado transaccional baséase na relación de intercambio existente entre o líder e os seguidores (por exemplo, propostas electorais intercambiadas por votos nas urnas); o segundo busca inspirar e mobilizar aos cidadáns arredor dunha visión común, xerando cambios profundos na estrutura da sociedade. Bernard Bass ampliou este concepto desenvolvendo instrumentos empíricos que serviran para medir este tipo de liderado, como o *Multifactor Leadership Questionnaire (MLQ)*, mediante o cal identifica dimensións como o carisma ou a motivación inspiradora.

Neste contexto, resulta pertinente mencionar a existencia de diferentes aproximacións teóricas que contribuíron a comprender o liderado político, dende o marco de que se trata de un fenómeno complexo e multidimensional. Autores como Verba (1961), Blondel (1987, 2010) ou o xa citado Weber (1968), sentaron as bases dun campo de estudo moi amplo, no que

destacan tanto enfoques de corte personalista, centrados en atributos individuais, como perspectivas de relacións e contextuais, que fan énfase na interacción entre líderes e cidadanía ou o impacto das condicións sociopolíticas.

Volvendo agora ás achegas de Andersen e Evans sobre a importancia do papel das imaxes dos líderes no comportamento electoral, cabe destacar que, en comparación cos autores máis afíns ás Escolas de Michigan e Columbia, enmárcanse nunha dinámica máis ampla, que representa unha das transformacións máis destacadas das democracias representativas nas últimas décadas: o proceso de individualización da política. Esta teoría ven a referirse ao aumento progresivo do protagonismo dos líderes políticos nos procesos electorais e nos medios, en contrapartida ao detrimento do peso tradicional das organizacións partidarias, é dicir, trátase dun fenómeno que se manifesta a catro niveis: no funcionamento das institucións, nas estratexias dos partidos, na cobertura mediática da política e no comportamento das elites e do electorado (Poguntke e Webb, 2005; Rahat e Sheafer, 2007).

Neste sentido, hai autores que incluso sinalan que a característica principal da política contemporánea é, de feito, o crecente centralismo das figuras individuais dos candidatos políticos (McAllister, 2007; Wattenberg, 1991; Karvonen, 2010), de feito, a individualización é un dos fenómenos chave da comunicación política na actualidade, xa que se manifesta tanto no aumento da presenza mediática dos líderes, como na capacidade de influencia que estes exercen directamente sobre as decisións de voto do electorado. Así mesmo, a literatura sobre o tema distingue dúas dimensións principais da individualización: a institucional, que se refire á concentración do poder nos líderes dos executivos; e a de conduta, referida á influencia exercida polas imaxes e as características dos líderes no comportamento electoral (Karvonen, 2010). En un sistema parlamentario como é o caso do español, a individualización da conduta cobra especial importancia, xa que a priori, a lóxica institucional non outorga ao líder a posición central per se que si tería nun sistema presidencialista. Inda así, no caso español, na práctica os medios de comunicación e as estratexias comunicativas dos partidos xogaron un papel moi importante á hora de proxectar a imaxe dos candidatos como figuras centrais e autónomas.

Volvendo agora ao caso de España, é importante ter en conta á hora de analizar a súa situación particular, xa que se trata dunha democracia que, inda que relativamente nova, instaurouse nun contexto moderno, e inda que se enmarque dentro de un sistema parlamentario, evolucionou de tal xeito na práctica política que mostra claros sinais de presidencialismo nas súas dinámicas, xogando un papel moi importante os líderes, tanto en termos de poder (tanto no goberno como no interior dos seus partidos) como de visibilidade (Poguntke y Webb 2005), xa que ámbolos dous aspectos se reforzan mutuamente (Jenssen y Aalberg 2006; Webb y Poguntke 2005). Por outra parte, pode ser salientable o feito de que do paso do franquismo á democracia, non se produciu unha ruptura institucional, de maneira que se seguiu reproducindo en certo modo a cultura de goberno propia da época autoritaria, concentrando o poder, sobre todo, en torno ao executivo e ao seu presidente (Heywood, 1991). De feito, ata as eleccións xerais de novembro do 2019, nas que se levou a cabo un acordo entre o PSOE e Unidas Podemos para protagonizar a primeira coalición de goberno na historia democrática

do país, o sistema de partidos español caracterizábase pola presencia constante de dúas grandes formacións (PP e PSOE), que competían por encabezar a formación de goberno en cada proceso electoral. Esta dinámica provocou que, ao longo dos anos, na práctica, se establecera unha conexión moi estreita entre o líder do partido con máis votos, e a presidencia, case de maneira automática, aproximándose máis a un modelo de democracia maioritaria que a un consensual (Lijphart 2000). Neste sentido, suponse que os comicios electorais en España tenden a ser vistos como se a elección fose entre presidentes alternativos, non só entre gobernos. Segundo os estudos sobre a individualización electoral, os efectos que provocan os líderes sobre a política tenden a ser máis relevantes en sistemas con estrutura de competencia "presidencialista", o cal pode ser outro dos motivos polos cales en España, a pesar de ser un sistema parlamentario, funcione moi similar en este sentido a un sistema presidencialista (Curtice 2003; Curtice y Blais 2001; Curtice y Holmberg 2005; Kroh 2004).

Deste xeito, vemos como os elementos presidenciais son detectables no sistema político español dende a propia configuración do goberno, no que o presidente ocupa unha posición destacada no executivo do goberno, e os líderes nos seus partidos, concentrando competencias e simbolizando a autoridade, ben no goberno, ben no partido, ou de ámbolos dous, producindo asi un incremento do seu protagonismo e da súa imaxe como referente político central.

Neste contexto, a literatura sobre comportamento electoral tamén mostra a presenza destas dinámicas cara ao presidencialismo, destacando como os votantes, cada vez máis, basean as súas decisións electorais nas percepcións que teñen sobre os candidatos e as candidatas, empregando estas imaxes como atallos cognitivos que simplifican o proceso electoral. Este fenómeno é especialmente relevante en contextos de baixa implicación política ou desafección, onde os electores teñen menos información programática ou ideolóxica (Dalton et al., 2000). Deste xeito, os líderes pasan a funcionar como indicadores representativos das cualidades, valores e orientacións dos partidos, facilitando así a toma de decisións electorais en contextos complexos (Popkin, 1991). En efecto, os líderes non só transmiten mensaxes partidarias, senón que tamén influencian a percepción da competencia dos partidos e as expectativas de goberno. De feito, a capacidade dos líderes de transmitir ao electorado certas cuestións como pode ser comunicar ben, a honestidade, determinadas competencias, ou a proximidade emocional, pode ter grandes efectos para o éxito electoral (McGraw, 2003 e Rahn et al.,1990). Así mesmo, para algúns autores da corrente revisionista, que se afastan da escola de Michigan, consideran que, as imaxes dos líderes, sen esquecer a identificación partidaria, son mellores indicadores de voto, por encima das percepcións dos votantes sobre as propostas ou incluso por encima da propia ideoloxía.

Seguindo cos factores que influíron ao presidencialismo da política, centrarémonos agora no caso dos medios de comunicación de masas. A televisión, concretamente, cunha audiencia case universal nas sociedades industrializadas, impón unha lóxica centrada na imaxe, favorecendo a atención cara ós líderes en detrimento das ideas ou dos programas electorais, e axudando tamén a que a perda de identificación cos partidos se suplante pola identificación do líder como unha especie de substituto. Isto potencia un estilo de comunicación que combina información e entretemento, pasando ao primeiro plano a representación personalista dos

líderes sobre o debate político (Rico, 2012). Este medio de comunicación, brindou a oportunidade de que as estratexias comunicativas se tiveran que adaptar tendo en conta se ofrece aos líderes a oportunidade de entrar en contacto directo co electorado a gran escala, e dando a falsa sensación incluso de certa "ilusión de intimidade" entre espectadores e candidatos (Keeter 1987), un factor que pode ser moi importante á hora de lograr transmitir emocións ao electorado, e que permite mostrar aspectos da personalidade dos líderes a gran parte do electorado, algo que ata o momento era impensable. De forma xeneralizada, os medios de comunicación convértense progresivamente nun poder autónomo, capaz de seleccionar os temas de debate público, de fixar os criterios de avaliación dos actores políticos e de condicionar as estratexias dos partidos en canto á comunicación (Farrell & Webb 2000). Ademais, a televisión trouxo consigo unha perda da capacidade de comprender conceptos ou ideas abstractas, dando máis importancia ás imaxes que aos conceptos, e atrofiando a capacidade de abstracción e entendemento (Sartori, 1997) Segundo Kant, citado en Sartori (1997), o que nos vemos ou percibimos non produce ideas, pero si que se encontra inmerso dentro delas, as cales o encadran e o significan (igual que os conceptos), e este sería o proceso polo cal se considera que se atrofia a capacidade de entendemento do *homo sapiens*, suplantado polo *homo videns*. Se xuntamos isto co feito de que a información non é o mesmo que o coñecemento, que se pode estar informado, pero inda así, non chegar a comprender as cuestións sobre as que se sabe información, a televisión é unha máquina de verter información, pero sen afondar nela ou facilitar a comprensión ou a reflexión.. Neste sentido, Sartori (1997), considera que antes da aparición da televisión, a opinión pública encontrábase plasmada nos xornais, e dábase un equilibrio entre opinión autónoma e heterónomas, garantido pola prensa libre e múltiple. A situación cambiou cando, coa televisión, deixouse en parte de pensar, para comezar a ver, e a opinión pasou a producirse maioritariamente de arriba a abaixo debido á poderosa forza da imaxe fronte á comunicación lingüística.

Por outra banda, cabe mencionar o concepto de comunidade dixital, que xorde a partir da intersección entre tecnoloxía, comunicación e estudos sociais dende finais dos anos 80 e sobre todo nos anos 90, co apoxeo de Internet. Enténdese este como o conxunto de usuarios que comparten intereses, gustos, crenzas ou a maneira de ver o mundo, e que conforman un lugar no cal se expresan determinadas actitudes e se manifestan as emocións, inda que non compartan un lugar físico senón virtual. Esta idea de comunidade dixital, no caso da prensa escrita ten tamén importantes consecuencias: os criterios de racionalidade informativa que representan os valores noticia, interpretados polo periodista, desprázanse a un segundo plano pola autorregulación emocional da comunidade, na que as noticias están estruturadas de maneira xerárquica e a capacidade editorial dos medios queda desprazada a través do filtro logarítmico (Boczkowski et. al, 2018).

2.1.1.Atributos do liderado político

O liderado político constitúe unha rede complexa no que non abonda coa capacidade do líder para influír na sociedade, senón que é moi importante como se constrúe a súa imaxe e o modo da transmisión da mesma mediante os medios de comunicación para que a transmisión das

características dese liderado se realice co éxito que se busca, é dicir, eficacia dese liderado depende, en boa medida, da representación pública do líder ou lideresa, é dicir, da súa proxección mediática máis alá da acción política directa. Dende as aproximacións da teoría política máis contemporánea sobre o concepto, este enténdese como un fenómeno de relacións, discursivo e simbólico no que interactúan a persoa que lidera, os seus atributos e, a nivel externo, o contexto no que se desenvolve o poder e a percepción pública. Deste xeito, a análise dos atributos do liderado político permite comprender como se pasan a identificar as cualidades dos/as líderes a través da imaxe política (Rico, 2012).

Cómpre subliñar que estes atributos non son naturais nin inherentes ao líder, senón que se constrúen e reforzan a través da imaxe, do discurso político e da súa mediación pública. Polo tanto, a análise de discurso e da presenza nos medios convértense nunhas ferramentas moi poderosas para detectar como se activan, representan e consolidan estes trazos na imaxe pública das persoas que ocupan cargos de liderado. Neste sentido, algúns achegamentos procedentes da psicoloxía e da comunicación comercial poden ser útiles para comprender como se constrúe esa imaxe pública.

Unha destas achegas que poden ser relevantes para ampliar a reflexión sobre os atributos na política é o modelo da personalidade de marca proposto por Jennifer Aeker (1997), que identifica cinco dimensións principais coas que os consumidores atribúen características humanas ás marcas, como a sinceridade, excitación, competencia, sofisticación e rudeza. Estas dimensións resultan moi útiles para o estudo da comunicación política, xa que si se suple o concepto de marca polo de líder, estes tamén proxectan unha imaxe pública cargada de atributos, valores e emocións. Por exemplo, ao igual que no caso das marcas, se un líder transmite ao electorado competencia e sinceridade pode ser percibido por este como fiable e eficaz. Este enfoque permite analizar como aspectos referentes ao liderado como o estilo comunicativo, a estética visual, a posta en escena, o discurso ou a imaxe no seu conxunto contribúen á percepción dos atributos que se lle designan aos lideres, ademais de permitir analizar as relacións entre estes atributos e os estereotipos de xénero.

Continuando agora coas achegas do ámbito da psicoloxía da personalidade, temos por exemplo a referencia de Gian Vittorio Caprara, entre outros autores (Caprara et al., 2003; Caprara & Vecchione, 2017) que afondan na análise dos atributos dos lideres, destacando que a percepción dos políticos está medida por trazos como a competencia, a cordialidade, a enerxía ou a estabilidade emocional (seguindo o modelo dos Big Five, ou cinco grandes factores da personalidade). As súas análises revelan que os votantes interpretan as personalidades dos lideres a través de esquemas mentais semellantes aos que se empregan na vida diaria para xulgar a outras persoas, e estes xuízos teñen un peso notable á hora de configurar as súas preferencias electorais.

Deste modo, segundo a literatura recollida, enténdense os atributos do liderado político como representacións simbólicas e afectivas, e non como características obxectivas inherentes aos candidatos e candidatas. E as representacións destes atributos fórmanse e trasládanse de diferentes formas e con distintas intencionalidades no espazo mediático e discursivo,

condicionadas por variables como o xénero, a ideoloxía e o papel dos medios na construción da imaxe pública.

2.1.1.1. Atributos baixo perspectiva de xénero no liderado político

Partindo desta base, observamos que a literatura sobre os atributos e o liderado político mostra que a análise do liderado non pode desvincularse da variable de xénero, xa que este actúa como un filtro fundamental na construción e na percepción dos liderados, de feito, a literatura feminista sobre comunicación política ten demostrado que, inda que os estereotipos de xénero inflúan no proceso de elección de candidatas para cargos públicos, polo xeral, non afectan no sentido de desacelerar o progreso na consecución de eses cargos, senón que afectan, sobre todo, en que as mulleres con cargos políticos adoitan ser valoradas en función de atributos diferentes aos dos seus homólogos homes, e incluso teñen que enfrontarse ao dobre dilema de ter que mostrarse á vez femininas e masculinas, debido ás expectativas que se tenden a verter sobre elas (Alexander & Andersen, 1993; García Beaudoux, 2012). Este equilibrio, moitas veces é difícil de manter, pero pode resultar crucial para lograr unha percepción de liderado eficaz, sobre todo en contextos ou momentos onde a predominancia da cultura política está masculinizada (Ruiloba, 2020; Gwynn, 2011). Ante esta situación, expertas en comunicación como Virginia García Beadoux (2012) propoñen, por exemplo, recorrer a tácticas comunicativas como a "táctica de reencadre", co obxectivo de alterar os atributos estereotipados en fortalezas políticas, cambiando así o significado de un feito ou situación, o contexto ou o marco no que se interpreta, combinando trazos tradicionalmente femininos con competencias políticas asociadas ao xénero masculino.

Deste xeito, o xénero supón unha condición chave na atribución de características de liderado por parte do electorado, sendo as mulleres polo xeral asociadas atributos considerados "femininos" como poden ser a empatía, o coidado ou a proximidade, mentres que os homes políticos adoitan vincularse con atributos asociados coa "masculinidade", como a autoridade, a decisión ou o control. Outros autores como Toner (1990) ou Sapiro (1983, citados en Alexander & Andersen (1993), confirmaron tamén segundo os resultados de enquisas de opinión pública a existencia de unha avaliación diferenciada entre candidatos homes e mulleres, tendendo estas últimas a ser vistas como máis compasivas e honestas, mentres que os homes máis aptos emocionalmente para a política. Ademais, viuse como ás mulleres se lles atribuía unha suposta maior experiencia en sanidade, educación e outras cuestións de índole "social" ou "doméstica", mentres que os homes se entendían máis capacitados para a xestión do exército, de empresas ou de asuntos laborais, así como o fortalecemento da economía e o tratamento das manifestacións e a diplomacia internacional, deixando os asuntos domésticos como os nenos, a familia, a educación, as artes, a saúde, a pobreza e os asuntos de consumo relegadas ás mulleres.

Esta división dos atributos e dos asuntos propios do liderado político, construída social e mediáticamente, está baseada en estereotipos de xénero e condiciona tanto o exercicio do liderado como a súa recepción cidadá. Ou dito doutro xeito, inflúe nas estratexias discursivas que adoptan as lideresas para lexitimar o seu posto, así como na percepción pública dos seus

liderados (Johnson & Williams, 2020; García Beaudoux, 2012). Trátase dun proceso de retroalimentación: os estereotipos de xénero determinan as mensaxes e comportamentos que as lideresas proxectan publicamente, e estas prácticas discursivas reforzan ou desafían as categorías que a sociedade utiliza para interpretar a súa autoridade. Por iso, esta realidade non pode ser ignorada á hora de deseñar unha estratexia comunicativa, especialmente no caso das mulleres candidatas.

Tendo como referencia a literatura revisada, e a clasificación realizada por Aaldering e Vliegenthart (2016), podemos organizar os atributos do liderado político segundo pares dicotómicos que responden ós estereotipos de xénero tradicionalmente asociados. Esta división axudará a comprender como os atributos asociados a cada xénero inflúen tanto na maneira na que se constrúe a imaxe pública do liderado, como na forma en que esta é percibida pola cidadanía, provocando, como xa comentamos, no caso das lideresas, tensións e expectativas incluso contraditorias, ás que deben enfrontarse. Deste xeito, podemos establecer a seguinte clasificación:

- *Empatía vs. autoridade*: As mulleres en postos de liderado adoitan ser descritas como empáticas, compasivas e accesibles, en contraposición aos homes, que son percibidos como figuras de autoridade e control.
- *Emoción vs. razón*: Os liderados femininos enténdense como máis influídos polas emocións, aceptando culturalmente que é esperable que se caractericen por unha maior proximidade e expresión emocional e humana, mentres que os masculinos pola racionalidade e o autocontrol, destacando polo carácter frío e a estabilidade emocional, fronte á calidez e suposta inestabilidade dos femininos.

- *Honestidade vs. estratexia/eficacia*: No caso das mulleres, son valoradas en maior medida pola sua integridade e transparencia, mentres que dos homes espérase que sexan estratexias e calculadores, ademais de mellor valorados á hora de estar preparados para afrontar crises.
- *Rol coidador vs. resolutivo*: Hai unha tendencia a vincular as mulleres aos coidados, á protección e ao benestar, fronte ao ideal masculino de liderado resolutivo e executor, o que conecta directamente cos seguintes atributos dicotómicos.
- *Diálogo vs. imposición*: As lideresas adoitan apostar por formas de comunicación persuasiva ou dialogante, en contraste cos candidatos masculinos que tenden a mostrar unha imaxe máis directa e impositiva. Esta estrutura organizativa dos atributos de maneira dicotómica non é arbitraria, senón que responde a unha división simbólica dos espazos e funcións que os estereotipos de xénero asignan historicamente aos homes e ás mulleres segundo o xénero ao que pertenzan. Ante esta realidade, as lideresas poden empregar tácticas para transformar cuestións que se perciben como "débiles" (como a empatía ou o coidado), en fortalezas políticas, combinándoos estratexicamente con atributos que se asocian a liderados masculinos (como a decisión ou a eficacia), para así construír liderados lexitimados para a percepción pública (García Beaudoux, 2012), aínda que isto pode ter beneficios electorais ou non, dependendo de cada

contexto concreto, ademais das características particulares de cada candidata e da propia cultura e percepcións do electorado.

Un exemplo empírico que ilustra esta dinámica é o caso de Michelle Bachelet, a primeira muller en ocupar a presidencia de Chile (entre o ano 2006 e 2010 e entre 2014 e 2018). Os seus mandatos estiveron marcados pola defensa dos dereitos sociais, a igualdade de xénero e unha forte aposta polas políticas de coidados, e logrou construír un liderado lexitimado, mostrando unha imaxe de firmeza, solvencia e autoridade executiva mantendo atributos considerados tradicionalmente como femininos (como a empatía, a proximidade, ou a orientación cara os coidados) (Gwynn Thomas, 2011), presentando así o liderado feminino marcado por atributos tamén asociados ao xénero feminino, como un modelo viable que desafía os marcos tradicionais.

2.2. Emocións e liderado político

O análise da política moderna estivo dominado polo hiper-racionalismo, baseándose na radical diferenciación entre racionalidade e emocións, e deixando a estas últimas nun papel de irrelevancia para a explicación política durante moito tempo, incluso consideradas como culpables de entorpecer a capacidade para razoar (Marcus, 2002).

1. Pola contra, a literatura recente demostra que o liderado político non se sustenta unicamente a partir de atributos ou competencias que se observan de maneira racional nos candidatos/as, senón tamén a través das emocións que se logran evocar na cidadanía. Estas desempeñan un papel central na creación de vínculos entre os candidatos e as candidatas co electorado, así como na lexitimación pública e na construción de autoridade. Como vimos, o liderado non se sustenta só sobre competencias obxectivas, senón tamén sobre outras cuestións, como son as emocións que os lideres e lideresas son capaces de xerar a través do discurso, da posta en escena ou da súa presenza. Seguindo diversos estudos de comunicación política e liderado, observouse que a capacidade de activar emocións resulta fundamental para lograr construír imaxes de liderado eficaces (Johnson & Williams, 2020; García Beaudoux, 2012).

O liderado emocional, baséase na capacidade de conectar coas emocións da cidadanía, mobilizar sentimentos colectivos e xerar confianza e seguridade (Villa Sánchez, 2020). Neste enfoque, a emoción pasa a situarse como un elemento que estrutura o propio liderado. Deste xeito, existen múltiples estudos empíricos que demostrar que as dimensións afectivas teñen un peso significativo na decisión de voto, relegando a racionalidade. Isto pode ser inda máis intenso en contextos de desafección, saturación informativa ou polarización política, onde os votantes tenden a acudir a imaxes simplificadas e con carga emocional alta, a modo de atallo cognitivo (Popkin, 1991; Dalton & Wattenberg, 2000). Inda que non se poida entender a política sen a presenza de paixóns, resulta fundamental que se canalicen dentro de marcos democráticos que permitan a pluralidade e a confrontación simbólica sen caer na exclusión

(Chantal Mouffe, 2007). Hai outros autores, que non sosteñen a idea de que as emocións sexan substitutas da razón, senón que están interrelacionadas, superando a versión clásica onde as emocións e razón estaban en conflito, propoñendo unha nova visión na que as emocións activan diferentes modos de procesamento da información política (Marcus, Neuman e MacKuen 2000). Non obstante, algo sobre o que a día de hoxe hai relativo consenso, é a idea de que a comunicación compre un rol de canalización e agregación do que se percibe, e esas percepcións, que constrúen as preferencias do electorado, están condicionadas por emocións, de xeito que as emocións e a comunicación confórmanse como axentes indispensables para a creación das preferencias na actualidade, tanto a nivel individual como colectivo, xa que sen comunicación, non daría cabida unha construción colectiva das emocións (Ahmed, 2004). De feito, as emocións institucionalízanse a través de prácticas reiteradas que funcionan como ferramentas de lexitimación e estabilización no tempo a nivel colectivo (Rivera, et. al, 2020). Neste sentido é relevante recordar a idea da "variación cultural", unha proposta da filosofía política que aporta idea de que a forma na que as persoas interpretamos as emocións está condicionada polo contexto social e cultural do que formamos parte (Clarke, Hogget & Thomson, 2006)

Deste xeito, hai que ter en conta que nos últimos anos, as emocións foron gañando espazo no estudo da política, especialmente no que comprende o comportamento dos actores políticos, producíndose o que algúns autores chamaron o "xiro afectivo". A tradicional separación dicotómica entre emocións e realidade resultou ser moi limitadora para poder entender en profundidade os acontecementos políticos (Máiz, 2010; Arias Maldonado, 2016). Pasouse a entender que a razón e a emoción non son dimensións antagónicas, senón complementarias, de maneira que a razón na política non se pode comprender como independente ás emocións, e viceversa (Bode, 1995; Damasio, 1994; Máiz, 2010). Politólogos contemporáneos estudaron máis en profundidade a dependencia entre sinais afectivas e sinais cognitivas como variables explicativas do comportamento electoral, concluíndo nalgúns casos que os elementos emocionais teñen, de feito, unha influencia moi relevante na decisión de voto (Marcus, Newman, MacKuen, 2000; Marcus, 1988; Radgsdale, 1991). Para autores como Campbell et al., incluso a identificación partidista (considerada inda na actualidade como o maior elemento de explicación de voto) constituía a "orientación afectiva" que os individuos mostran cara un obxecto ou grupo do seu entorno.

En canto ás definicións conceptuais da emoción, cabe mencionar tres escolas de pensamento que permiten clasificar as emocións segundo tres modelos: en primeiro lugar, os "modelos de valencia", útiles para identificar a dimensión positiva vs. negativa das emocións (agrado/desagrado e activación/excitación); por outra banda, están os "modelos discretos", que rexeitan o reducionismo o enfoque anterior, engadindo ás emocións a execución de diferentes avaliacións cognitivas; por último, os "modelos multidimensionáis", que parten de que os individuos poden experimentar máis de unha emoción á vez (Neuman, Marcus, Crigler e MacKuen, 2007).

Por outra banda, a expansión dos medios de comunicación de masas, unido aos novos formatos televisivos trouxo consigo a xeración de un modelo de construción da mensaxe que

condicionou a comunicación política (xurdindo disciplinas como o *marketing* político) dende o último terzo do século XX ata a actualidade. A estratexia de difusión da mensaxe política nos medios de comunicación baixo as regras da do mundo audiovisual, o espectáculo e a individualización propia dos medios (Martínez-Pandiani, 2006), trouxo consigo que outras variables como o aspecto emocional gañaran cada vez máis peso, e fora obxecto de estudo de outras disciplinas como a psicoloxía social e a psicoloxía dos medios (Igartua e Moral, 2012). Esta cuestión do tratamento informativo da política como un espectáculo emocional dos conflitos, favorece o sensacionalismo, a polarización e a simplificación moral dos actores políticos, provocando unha política máis baseada en adhesións e rexeitamentos pasionais máis que en debates argumentados. De feito, na actualidade, vemos como a política responde máis a percepcións que a propia estrutura, é dicir, máis ao que percibimos que ao que somos. Neste sentido, os cidadáns deciden cales son as súas necesidades, xa non son as que son de maneira obxectiva, dando paso á idea de 'preferencia' máis que de necesidade, entendendo esta como unha forma de interese que se constrúe e se auto constrúe. Isto provoca que a explicación política pase a encontrarse máis en factores perceptivos e construídos dentro da política, que nas explicacións estruturais tradicionais (Rivera, et. al, 2020).

Como vimos, na actualidade, pasa a ser fundamental que as campañas electorais se proxecten no marco emocional, no cal se fusionan valores, imaxes, metáforas, sentimentos e afectos, xa que o voto pasaría a estar condicionado na actualidade por tres cuestións: os sentimentos que se teñan cara á ideoloxía do partido e o propio partido, os sentimentos cara a candidata ou o candidato, e cara as posicións políticas ou propostas que o candidato ou candidata propón (Westen, 2007). Así, vemos que o apoio político se pode entender como unha simbiose entre razón e emoción, na que as respostas emocionais dos cidadás prodúcense despois de ver ou escoitar aos líderes (Sullivan e Masters, 1988).

2.3. Temas e liderado político

A selección de temas políticos non é un elemento neutro dentro das campañas electorais ou da xestión política; constitúe un dos mecanismos centrais mediante os cales se constrúe e comunica o liderado. Estes funcionan como símbolos que permiten dar visibilidade a valores, competencias e prioridades dos liderados, servindo tanto para marcar a súa axenda como para orientar a percepción pública sobre a súa autoridade e credibilidade (Gidengil & Everitt, 2003; McGregor, 2016). Ao mesmo tempo, actúan como vehículos para expresar unha determinada visión do mundo, activar emocións, proxectar atributos e conectar cos marcos interpretativos da cidadanía, configurando así o liderado político de forma simbólica e práctica.

A literatura sobre xénero e política, sobre a cal xa se citaron diversos aportes, evidencia que a sociedade tende a asociar determinados asuntos con atributos tradicionalmente masculinos ou femininos, de xeito que se adoita vincular ás mulleres con políticas relacionadas co coidado, a educación, a saúde, a igualdade ou o benestar social, mentres que os homes se tenden a asociar con asuntos económicos, de defensa, seguridade ou negociación internacional

(Alexander & Andersen, 1993; Sapiro, 1983; Toner, 1990). Estes patróns de asociación non só reflicten estereotipos sociais, senón que tamén teñen efectos concretos sobre a percepción do liderado: líderes femininas que centran a súa acción en "temas femininos" poden ser percibidas como máis empáticas ou colaborativas, pero tamén corren o risco de ser consideradas menos competentes en ámbitos tradicionalmente masculinos (Krook, 2010; López & Díaz, 2018). Estes estereotipos, tradicionalmente, consolidáronse a través dos medios de comunicación, que adoitan representar ás lideresas como máis comprometidas coas políticas sociais e aos líderes como máis eficaces na xestión económica ou institucional (Johnson & Williams, 2020).

Estudos de caso internacionais ilustran claramente estas dinámicas, como no caso da xa mencionada Michelle Bachelet, quen durante a súa presidencia en Chile, destacou por levar a cabo políticas de igualdade e protección social, consolidando a imaxe dun liderado feminino próximo e orientado ao benestar colectivo (Valenzuela, 2007). Por outro lado, Jacinda Ardern en Nova Zelandia combinou políticas sociais con medidas decisivas en xestión de crises, reforzando unha concepción de liderado que desafía os estereotipos tradicionais sobre eficacia e xénero (Banducci et al., 2020). No caso da coñecida Angela Merkel, esta foi percibida durante anos como un liderado feminino altamente competente en asuntos asociados aos liderados masculinos, como a economía e política internacional, demostrando que a asignación de temas pode utilizarse estratexicamente para construír credibilidade en ámbitos tradicionalmente masculinos. En España, Yolanda Díaz e Isabel Díaz Ayuso ofrecen exemplos contrastantes: mentres Díaz se centra en políticas de traballo, igualdade e benestar social, Ayuso prioriza temas económicos e de seguridade, amosando como a selección temática pode reforzar ou desafiar os estereotipos de xénero (Gómez & Martínez, 2021). Estes autores subliñan que tales eleccións temáticas están intimamente ligadas á construción mediática do liderado, xa que permiten modular a percepción de atributos como empatía, proximidade, eficacia ou autoridade segundo o xénero e o estilo comunicativo do líder.

En este sentido, é importante destacar tamén o papel das plataformas dixitais como canles que permiten aos líderes orientar a atención pública sobre determinados temas, desviando o foco de tópicos máis complexos cara a cuestións que reforzan atributos percibidos. Estas plataformas interactúan co ecosistema mediático máis amplo, no que os medios tradicionais e dixitais amplifican ou re-interpretan os contidos difundidos polos líderes, determinando que temas recibirán maior cobertura e como serán presentados. Deste xeito, a comunicación non se limita á transmisión de contidos, senón que actúa como un instrumento estratéxico para construír credibilidade e visibilidade política, modulando ao mesmo tempo os efectos de estereotipos de xénero e ideoloxía (Gómez & Martínez, 2021).

Ademais, a elección de temas inflúe directamente na percepción emocional e atributiva do liderado, de maneira que os temas sociais e de coidado adoitan asociarse con atributos como proximidade, empatía e cooperación, mentres que temas económicos ou de seguridade reforzan percepcións de autoridade, eficacia e racionalidade estratéxica. Así, a interacción entre plataformas dixitais, medios de comunicación e elección temática actúa como un mecanismo central na construción do liderado político, integrando dimensións cognitivas

(competencias percibidas), afectivas (atributos e emocións) e ideolóxicas (valores asociados), e condicionando como a cidadanía interpreta e responde á acción política (Johnson & Williams, 2020; Gómez & Martínez, 2021).

3. Obxectivos e hipóteses

3.1. Obxectivos

Este estudo céntrase en desvelar como se constrúe o liderado político na esfera mediática, e para iso, fixaremos a nosa mirada en catro figuras clave do panorama español: Pedro Sánchez, Yolanda Díaz, Isabel Díaz Ayuso e Alberto Núñez Feijóo. O *obxectivo xeral* que nos guía é analizar a fondo a súa representación nos artigos de opinión de dous xornais de referencia, *El País* e *El Mundo*, durante os meses críticos que precederon ás eleccións xerais de xullo de 2023. Interésanos especialmente como se entrelazan as dimensións de xénero e ideoloxía nesta construción, así como os temas que se abordan, as emocións que se evocan e os atributos de liderado que se lles adxudican.

Para acadar este propósito xeral, articularemos a nosa análise segundo varios *obxectivos específicos*. En primeiro lugar, buscaremos identificar con claridade cales son os temas predominantes, as emocións subxacentes e os atributos de liderado máis recorrentes para cada un destes políticos. Tamén nos preguntaremos se existen patróns ou matices diferenciados na forma de construír o liderado en función do xénero do político ou política. Finalmente, exploraremos en profundidade a posible pegada da ideoloxía, tanto a do propio medio (*El País* fronte a *El Mundo*) como a da persoa líder (esquerda fronte a dereita), na maneira en que se configura e se presenta o seu liderado.

3.2. Hipóteses

A partir dos interrogantes presentados, formulamos as seguintes *hipóteses* que guiarán a nosa investigación:

H1. Os liderados femininos (Yolanda Díaz e Isabel Díaz Ayuso) aparecen máis frecuentemente asociados a temas sociais ou de coidados, mentres que os liderados masculinos (Pedro Sánchez e Alberto Núñez Feijóo) se vinculan con maior frecuencia a temas económicos, institucionais ou internacionais.

H2. Os atributos do liderado representados nos textos tenden a reflectir estereotipos de xénero: atributos como a honestidade ou o diálogo nos liderados femininos, e atributos como autoridade, eficacia ou dureza nos liderados masculinos.

H3. A representación mediática do liderado feminino mostrará unha maior intensidade emocional global e unha presenza máis equilibrada de valencia positiva e negativa. Por contra, a representación do liderado masculino caracterizarase por unha menor intensidade emocional.

H4. A ideoloxía dos medios condiciona o tratamento mediático dos líderes: *El País* tende a representar de forma máis favorable os líderes da esquerda, e *El Mundo* os da dereita, influíndo tamén na intensidade da valoración emocional e na caracterización do liderado segundo o xénero.

4. Metodoloxía

Esta investigación estrutúrase como un estudo maiormente cualitativo de análise de contido e análise crítica do discurso (ACD) centrado na representación mediática do liderado político en función do xénero e da ideoloxía política. A metodoloxía parte da análise textual de artigos de opinión publicados nas versións dixitais de *El País* e *El Mundo* nos meses previos ás eleccións xerais do 23 de xullo de 2023, concretamente desde o 15 de marzo ata o 23 de xullo de 2023, incluído o propio día das eleccións. A análise complétase cunha codificación temática e atributiva mediante ATLAS.ti, (na súa versión premium) e cunha análise lexicométrica da dimensión emocional a través do software LIWC (Linguistic Inquiry and Word Count).

Así mesmo, o fundamento crítico da análise textual basearase nos principios da Análise Crítica do Discurso formulados por Teun A. van Dijk (1997), que permiten examinar como os discursos mediáticos reproducen ou desafían relacións de poder, ideoloxías e estereotipos sociais, en especial os de xénero.

4.1. Mostra seleccionada

A mostra está composta por artigos de opinión publicados nas versións dixitais de *El País* e *El Mundo*, dous dos xornais con maior número de lectores diarios a nivel estatal segundo os datos do Estudio General de Medios (EGM) (AIMC, 2024) .[1] A escolla destes medios, polo tanto, responde a un criterio de diversidade ideolóxica (*El País* cunha liña editorial progresista e *El Mundo* cunha orientación conservadora), características amplamente recoñecidas na literatura académica sobre medios españois (Masip, et. al, 2020), e de alta relevancia e impacto no sistema mediático español.

Foron seleccionados tres artigos de opinión por cada líder político en cada medio, sumando un total de 24 artigos (3 artigos * 4 líderes * 2 medios). Esta selección busca garantir unha representación equilibrada de cada candidatura en ámbolos medios, así como unha mostra suficientemente variada para captar diferentes enfoques e matices discursivos.

Os tres artigos de cada líder e medio serán tratados como unha única unidade de análise por candidato/a e por medio, co obxectivo de dispoñer dunha base textual suficientemente ampla que permita identificar patróns recorrentes e representacións significativas sen fragmentar os discursos. A selección dos textos realizouse atendendo aos seguintes criterios:

- Que fosen artigos de opinión asinados, excluíndo noticias ou reportaxes.
- Que tratasen de maneira central ou destacada a figura dunha das persoas líderes seleccionadas.

[1] O *Estudio General de Medios (EGM)* é un informe elaborado pola Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación (AIMC) que recolle datos sobre o consumo e a audiencia dos principais medios de comunicación en España, servindo como referencia para avaliar a penetración e o impacto dos medios impresos, radiofónicos e dixitais. (https://reporting.aimc.es/index.html#/main/cockpit)

- Que estivesen publicados nos meses que se seleccionaron previos ás eleccións xerais de xullo de 2023.

Os textos foron recollidos mediante buscas en Google e nos propios sitios web dos medios, filtrando por data e seleccionando só aqueles artigos de opinión que mencionasen directamente a algún dos catro líderes analizados: Pedro Sánchez (PSOE), Yolanda Díaz (Sumar), Alberto Núñez Feijóo (PP) e Isabel Díaz Ayuso (PP).

Cómpre sinalar que, por cuestións de dispoñibilidade de tempo e recursos, a análise desta investigación céntrase exclusivamente en medios dixitais escritos, quedando fóra do estudo outros formatos como a televisión, a radio ou as redes sociais, as cales aportarían sen dúbida maior consistencia á análise e enriquecemento da mesma. Esta elección responde tamén a criterios de accesibilidade, rapidez de acceso, baixo custo e dispoñibilidade directa do contido en formato textual, o que facilitou o proceso de obtención da mostra. Con todo, recoñécese que esta decisión metodolóxica pode introducir un determinado nesgo na mostra, ao deixar fóra outros espazos mediáticos relevantes na conformación da imaxe pública dos liderados políticos. Polo tanto, este límite será tido en conta nas consideracións finais da investigación.

4.1.2. Artigos analizados

Táboa 1. Mostra de artigos xornalísticos analizados

El País			***El Mundo***		
Pedro Sánchez					
https://tinyurl.com/PSanchezElPais	https://tinyurl.com/PSanchezElPais2	https://tinyurl.com/PSanchezElPais3	https://tinyurl.com/PSanchezElMundo	https://tinyurl.com/PSanchezElMundo2	https://tinyurl.com/PSanchezElMundo3
Yolanda Díaz					
https://tinyurl.com/YolandaElPais	https://tinyurl.com/YolandaElPais2	https://tinyurl.com/YolandaElPais3	https://tinyurl.com/YolandaElMundo	https://tinyurl.com/YolandaElMundo2	https://tinyurl.com/YolandaElMundo3
Alberto Núñez Feijóo					
https://tinyurl.com/FeijooElPais	https://tinyurl.com/FeijooElPais2	https://tinyurl.com/FeijooElPais3	https://tinyurl.com/FeijooElMundo	https://tinyurl.com/FeijooElMundo2	https://tinyurl.com/FeijooElMundo3
Isabel Díaz Ayuso					
https://tinyurl.com/AyusoElPais	https://tinyurl.com/AyusoElPais2	https://tinyurl.com/AyusoElPais3	https://tinyurl.com/AyusoElMundo	https://tinyurl.com/AyusoElMundo2	https://tinyurl.com/AyusoElMundo3

Fonte: Elaboración propia.

Na táboa 1 preséntanse os diferentes enlaces que dirixen directamente aos artigos de prensa dixital que foron seleccionados para a mostra da investigación. Están acortados coa ferramenta 'tinyurl.com' para a comodidade de lectura do traballo e da presentación clara da información.

4.2. Variables e categorías de análise: liderado político, xénero, ideoloxía e representación mediática

O presente estudo centra a súa análise na representación mediática do liderado político a través de tres variables principais: a imaxe do liderado, os temas tratados nos artigos de opinión e a dimensión emocional proxectada. Estas dimensións permiten examinar de maneira sistemática como os medios constrúen e transmiten a percepción dos líderes, considerando a liña ideolóxica dos propios medios ademais do xénero e da ideoloxía dos propios líderes.

A análise estrutúrase arredor de tres eixos principais. O primeiro, os atributos do liderado, que reflicte a percepción que os medios proxectan sobre cada líder. Segundo a literatura, determinados atributos se asociaron tradicionalmente aos liderados femininos, como a proximidade, o coidado, a honestidade, a capacidade de diálogo e a empatía, mentres que aos masculinos se lle outorgaron características como a eficacia, a autoridade ou a frialdade estratéxica (Conger e Kanungo, 1998; García Beaudoux, 2014; Villa Sánchez, 2020; Aaldering e Van der Pas, 2020), polo tanto, a preparación para a análise realizarse de maneira que cada grupo de atributos será desagregado en indicadores específicos que se definirán na seguinte fase de codificación.

O segundo eixo, os temas tratados, analiza os principais asuntos vinculados aos líderes nos artigos de opinión, e estrutúrase en catro grandes bloques temáticos: lexitimidade e representación política, *sanchismo*, valores materialistas e valores posmaterialistas. A identificación destes asuntos nos artigos separando pola variable xénero na análise, permitirá examinar se certos temas se seguen asociando a liderados femininos, como os relacionados co coidado ou a igualdade, fronte a outros máis vinculados a liderados masculinos, como a economía, a estratexia ou o poder. Do mesmo xeito que para os atributos, estableceranse variables concretas para organizar a codificación para facer a análise máis detallada e precisa.

Finalmente, o terceiro eixo, a dimensión emocional, céntrase na carga afectiva atribuída aos líderes nos textos. A análise realizarase atendendo á valencia (emocións positivas –*EmoPos*– e negativas –*EmoNeg*–) e á intensidade emocional expresada. No caso das emocións negativas, aplicarase unha tipoloxía específica que distingue tres categorías principais: enfado, ansiedade e tristeza. O obxectivo é determinar se os medios de comunicación presentan os liderados femininos cunha intensidade emocional maior que os masculinos e, á vez, examinar como se valora esta emocionalidade en función do xénero.

A combinación destas variables e categorías permitirá realizar cruces analíticos que teñan en conta o xénero dos líderes, a súa ideoloxía, a posición editorial dos medios e as dimensións

temáticas, atributivas e emocionais da súa representación, proporcionando así unha base conceptual sólida para examinar como se constrúe a imaxe mediática dos líderes políticos antes de proceder á codificación e á análise empírica.

4.3. Técnicas de análise

Este traballo adopta un enfoque metodolóxico cualitativo baseado na Análise Crítica do Discurso (ACD), que proporciona un marco teórico e interpretativo para examinar como os discursos mediáticos constrúen e reproducen as dinámicas de poder e as ideoloxías no liderado político. Para facer operativo este enfoque, empregaranse dúas técnicas complementarias: a análise de contido interpretativa e a análise de sentimentos (sentiment analysis).

Para a análise de contido interpretativa, utilizarase o software ATLAS.ti. Este programa permite codificar e interpretar os discursos segundo categorías temáticas e atributivas definidas previamente, facilitando así a identificación dos marcos discursivos e das estruturas ideolóxicas que guían a comunicación política. Pola súa banda, para a análise de sentimentos (sentiment analysis), empregarase o programa LIWC (Linguistic Inquiry and Word Count). LIWC aporta unha dimensión cuantitativa ao detectar e medir a presenza de diferentes emocións nos textos, para despois poder sacar conclusións cualitativas en función dos resultados obtidos, o que enriquece a comprensión da dimensión emocional presente nos discursos políticos. Deste xeito, a combinación destas ferramentas baixo o paraugas da ACD permite unha análise profunda e polifacética da construción mediática do liderado político.

4.3.1. Análise Crítica do Discurso

A Análise Crítica do Discurso (ACD) é unha aproximación teórica e metodolóxica que combina a lingüística, a análise do discurso e as ciencias sociais. Céntrase en estudar a relación entre o discurso, o poder, a ideoloxía e os procesos de control social, especialmente nos casos en que o discurso se usa como ferramenta para dominar ou excluír grupos sociais. Dende esta perspectiva, o discurso enténdese como unha práctica social que contribúe tanto a manter como a cuestionar as estruturas de poder existentes, e non só como un conxunto de textos illados, polo que este actúa como un reflexo das ideoloxías e a súa vez como un motor que as reproduce, permitindo identificar os mecanismos simbólicos que exercen influencia, lexitimación ou manipulación (Van Dijk, 2016).

No ámbito que nos compete neste estudo, centrado na análise da comunicación política e mediática, a ACD resulta especialmente útil para analizar o xeito no que os actores con maior acceso ao espazo público, como son os líderes políticos ou os medios de comunicación, constrúen diversas representacións da realidade, mobilizando marcos ideolóxicos. Neste sentido, os discursos políticos e mediáticos xogan un papel fundamental na creación e na difusión de información e coñecementos na sociedade, xa que configuran en certo modo a

opinión pública e a definición do que se considera "aceptable" ou "lexítimo" no debate social. Polo tanto, este enfoque é especialmente importante para o estudo do liderado político, xa que, a través do discurso, pódese comprender como se constrúe a autoridade, a relación entre líderes e a cidadanía e o xeito no que se empregan as emocións e os estereotipos de xénero ou determinados marcos simbólicos para mobilizar apoios e influír na opinión pública. Así pois, a ACD ofrece ferramentas para analizar o papel dos medios como actores ideolóxicos e políticos, é dicir, que non se limitan unicamente a informar, senón que, de maneira intencional, seleccionan, interpretan e reformulan o discurso político segundo intereses e dinámicas de poder ao seu beneficio (Van Dijk, 2016). Por todo isto, empregarase a ACD como base metodolóxica para examinar como se configura a imaxe de liderado das figuras políticas españolas xa mencionadas, atendendo ás cuestións de ideoloxía, xénero e a construción simbólica da realidade a través da imaxe e dos temas tratados.

4.3.2. Análise de Contido Asistida

4.3.2.1. Uso do software ATLAS.TI na investigación cualitativa

Para realizar a análise de contido asistida empregarase ATLAS.ti, un software especializado na análise de datos cualitativos empregado principalmente na investigación social e comunicativa e política, entre outras disciplinas relacionadas. Está deseñado para facilitar a codificación, a organización, a visualización e a interpretación de grandes volumes de datos non estruturados, como poden ser entrevistas, discursos políticos, documentos lexislativos, artigos de prensa (como no caso que nos ocupa) ou incluso contido de redes sociais (Friese, 2019).

Ademais das funcións básicas de codificación, ATLAS.ti ofrece múltiples ferramentas que permiten explorar e analizar os datos dun xeito sistemático e visual, xa que permite asignar códigos a fragmentos de texto, o que facilita identificar e organizar temas ou ideas recorrentes nos artigos de opinión. Ademais, tamén posibilita cuantificar a aparición de certos códigos ou categorías ao longo do corpus, permitindo detectar patróns e tendencias predominantes. Outra función relevante é o estudo de coocurrencias, o cal permite detectar a relación entre diferentes códigos, mostrando cando e con que frecuencia aparecen xuntos no mesmo fragmento ou documento. Ademais, o software permite xerar redes e mapas conceptuais, visualizacións gráficas das relacións entre códigos, documentos e variables contextuais, facilitando a interpretación cualitativa e a comunicación dos resultados se fose necesario.

En efecto, ATLAS.ti constitúe unha ferramenta moi potente da análise cualitativa para estruturar, cuantificar e interpretar datos cualitativos complexos, permitindo extraer conclusións sólidas sobre os artigos de opinión estudados nos medios de comunicación seleccionados (Friese, 2019).

4.3.2.2. Categorías de análise e codificación en Atlas

A análise cualitativa dos discursos realizouse mediante codificación en ATLAS.ti, organizada en dúas grandes dimensións analíticas: IMAXE e TEMAS. Cada dimensión contén diversos indicadores, aos que se lles asocian variables específicas. En total, definíronse 4 códigos principais (indicadores), para cada unha das dúas dimensións: IMAXE (26 variables) e TEMAS (30 variables).

Esta organización responde á vontade de analizar como se comunica o liderado político desde unha perspectiva de xénero, tendo en conta non só os contidos temáticos dos discursos, senón tamén os trazos de imaxe que se proxectan a través deles, recollendo aspectos como atributos persoais, estilísticos e de competencias que permiten avaliar a construción do liderado político e a súa codificación en función de estereotipos de xénero, baseándonos nas achegas teóricas de autoras como García Beaudoux (2017), Johnson e Williams (2020), ou Ruiloba (2020), entre outras tratadas no marco teórico deste estudo. A través dos indicadores de liderado feminino e masculino, identifícanse trazos tradicionalmente asociados a roles de xénero (como a empatía ou a autoridade), mentres que os atributos de personalidade e xestión permiten observar que tipo de liderado se proxecta (máis próximo, emocional, técnico, firme, etc.), mediante a inclusión de variables como a proximidade, a firmeza ou a honestidade.

Pola súa parte, a dimensión relativa aos temas reflicte os asuntos tratados polos líderes e lideresas nos seus discursos, agrupados en sete grandes bloques que combinan áreas clásicas da política (economía, defensa, políticas sociais...) con categorías específicas máis adaptadas ao contexto político actual, como o *sanchismo*, que responde a unha construción política e mediática central no debate público español.

De maneira máis detallada, as dúas categorías, xunto cos seus correspondentes indicadores e variables foron definidas do seguinte xeito:

En canto á categoría de *Imaxe*, esta está composta polas seguintes cuestións:

- *Atributos de liderado feminino*: Calidades tradicionalmente asociadas a roles e expectativas de xénero femininas, como: *coidadora, dialogante, emocional, empática, leal.*
- *Atributos de liderado masculino*: Calidades que historicamente se vincularon a roles e expectativas de xénero masculinas, tales como: *ambicioso, autoritario, duro, frío/racional, resolutivo, valente, xestor.*
- *Atributos de personalidade*: Trazos de carácter e comportamento que definen a percepción individual do líder/lideresa, como: *amable/simpático/a, próximo/a, comprometido/a, deshonesto/a, desleal, firme, honesto/a.*
- *Atributos de xestión/competencias*: Habilidades e capacidades profesionais ou de goberno que se lle atribúen ao líder/lideresa, incluíndo: *capacidade técnica/preparación, eficaz, xestor/a de crise.*

A dimensión *Temas* non só inclúe temas clásicos da política, senón que tamén incorpora conceptos emerxentes e relevantes no debate público contemporáneo que non están tan considerados no marco teórico como si acontece cos atributos da categoría de *Imaxe*, de aí que se definan máis en detalle as catro categorías principais utilizadas:

- En primeiro lugar, a *Leximidade e representación política* agrupa todos aqueles discursos e mencións que poñen o foco na calidade da democracia, a integridade das institucións e a relación entre gobernantes e gobernados.
    - *Corrupción*: Referencias a prácticas ilícitas, desvío de fondos públicos, subornos ou tráfico de influencias, así como as súas consecuencias.
    - *Desconfianza nas institucións*: Expresións de crítica ou preocupación pola perda de credibilidade nas distintas institucións políticas
    - *Desconfianza nos liderados*: Alusións á falta de fe nos dirixentes políticos, na súa capacidade ou accións, na honestidade ou visión.
    - *Extremismos:* Mencións a ideoloxías ou movementos políticos que se sitúan nos extremos do espectro ideolóxico, coas súas implicacións para a cohesión social e a estabilidade política.
    - *Historia e memoria colectiva*: Referencias a eventos históricos, interpretacións do pasado ou recordar fazañas da historia nacional.
    - *Nacionalismos:* Discursos que apelan á identidade nacional, á soberanía territorial, á defensa de intereses propios dunha nación ou rexión, ou ás relacións entre distintas nacionalidades dentro dun estado.
    - *Polarización:* Alusións directas ou indirectas á división ideolóxica ou social, á confrontación entre bloques ou á dificultade para o consenso e o diálogo político.
- A categoría *Sanchismo* emerxe como un elemento distintivo no contexto político español recente, referíndose a un fenómeno político e mediático centrado na figura e na forma de gobernar de Pedro Sánchez, centrado tanto en elementos do seu liderado, como na estratexia e percepción pública.
    - *Autoritarismo:* Mencións a un suposto exercicio do poder que ignora ou minimiza as institucións de control e que busca concentrar o poder na súa figura.
    - *Hiperliderado:* Referencias a unha presenza excesiva ou dominante do líder na escena política, coa súa figura eclipsando ao partido ou ao goberno.
    - *Manipulación*: Alusións a estratexias dirixidas a distorcer a información, xerar opinións interesadas ou enganar á cidadanía.
    - *Referencias ao sanchismo:* Calquera mención explícita ao termo "sanchismo".
- Os *Valores materialistas* engloban os temas relacionados directamente coa economía, a produción, o emprego e as condicións materiais de vida da poboación, así como as propostas orientadas á mellora do benestar económico e á xestión dos recursos.
    - *Comercio internacional:* Relativo ás exportacións, importacións, acordos comerciais, globalización económica e a posición do país no mercado mundial.
    - *Defensa:* Mencións á seguridade nacional, gasto militar, exército, operacións de paz, ou a posición do país en alianzas militares.

  - *Economía/Situación económica*: Referencias xerais ao estado da economía, crecemento, recesión, inflación, estabilidade financeira ou políticas macroeconómicas.
  - *Emprego*: Temas relacionados coa creación de postos de traballo, desemprego, políticas laborais, condicións de traballo e precariedade.
  - *Empresarial*: Discursos sobre o tecido produtivo, empresas, emprendemento ou innovación empresarial.
  - *Fiscalidade*: Mencións a impostos, taxas, recadación pública, política fiscal, presión fiscal ou loita contra a fraude.
  - *Prestacións*: Referencias a subsidios, axudas sociais, pensións, prestacións por desemprego ou calquera outro tipo de apoio económico público.
  - *Vivenda*: Temas relacionados co acceso á vivenda, prezos de aluguer e compra, políticas de vivenda pública ou especulación inmobiliaria.
- A categoría de *Valores posmaterialistas* abarca os temas que transcenden as necesidades materiais básicas e se centran noutros aspectos que marcan a calidade de vida, como son os dereitos humanos, a participación cidadá, a cultura e a realización persoal e colectiva, en definitiva, pon o foco nos aspectos sociais, éticos e identitarios.
  - *Conflitos internacionais:* Referencias a guerras, crises humanitarias ou conflitos políticos fóra das fronteiras nacionais.
  - *Democracia:* Mencións á calidade democrática, a participación cidadá, os dereitos civís e políticos e ó fortalecemento do sistema democrático en xeral.
  - *Diversidade LGTB:* Discursos sobre os dereitos ou a loita do colectivo LGTB, a identidade de xénero, e a promoción da igualdade e o respecto á diversidade.
  - *Educación:* Temas relacionados co sistema educativo, calidade do ensino, acceso á educación, investimentos en formación, innovación pedagóxica ou o papel da educación na sociedade.
  - *Igualdade de xénero:* Mencións á paridade, á loita contra a violencia machista, á propia violencia machista, a fenda salarial, a conciliación ou calquera aspecto relacionado coa promoción da igualdade entre homes e mulleres.
  - *Inmigración:* Discursos sobre os fluxos migratorios, a integración de inmigrantes, políticas de asilo e refuxio, ou aos retos propios da diversidade cultural.
  - *Sanidade:* Temas relativos ao sistema sanitario público ou privado, acceso á atención médica, calidade asistencial, saúde pública, investigación médica ou investimentos públicos no ámbito da sanidade.

Así mesmo, este sistema de codificación permite analizar a interacción entre xénero, liderado e comunicación política, centrando a atención na forma en que os medios de comunicación configuran e transmiten a imaxe dos líderes e lideresas, concretamente na prensa escrita, polo que a análise permitirá observar como se constrúe mediante o discurso o liderado nas narrativas xornalísticas, ofrecendo unha visión crítica do papel dos medios na produción e reprodución das imaxes de liderado político.

A continuación, presentaranse en formato de táboa as dimensións, indicadores e variables utilizadas no proceso de análise, co obxectivo de facer comprensible a estrutura da codificación en ATLAS.ti e facilitar a interpretación dos resultados.

Táboa 2. Matriz de variables e indicadores do estudo (Imaxe)

IMAXE	
INDICADORES	**VARIABLES**
Atributos liderado feminino	Coidadora
	Dialogante
	Emocional
	Empática
	Leal
Atributos liderado masculino	Ambicioso
	Autoritario
	Duro
	Frío/racional
	Resolutivo
	Valente
	Xestor
Atributos personalidade	Amable/simpático/a
	Cercano/a
	Comprometido/a
	Deshonesto/a
	Desleal
	Firme
	Honesto/a
Atributos xestión/competencias	Capacidade técnica/preparación
	Eficaz
	Xestor/a de crise

Fonte: Elaboración propia.

Táboa 3. Matriz de variables e indicadores do estudo (Imaxe)

TEMAS	
INDICADORES	**VARIABLES**
Lexitimidade e representación política	Historia e memoria colectiva
	Nacionalismos
	Corrupción
	Desconfianza nos liderazgos
	Desconfianza nas institucións
	Extremismos
	Polarización
Valores materialistas	Comercio internacional
	Economía/situación económica
	Emprego
	Empresarial
	Fiscalidade
	Vivenda
	Prestacións
	Defensa
Valores posmaterialistas	Diversidade LGTB
	Educación
	Igualdade de xénero
	Democracia
	Sanidade
	Inmigración
	Conflitos internacionais
Sanchismo	Autoritarismo
	Hiperliderado
	Manipulación
	Referencias sanchismo

Fonte: Elaboración propia.

4.3.3. Sentiment Analysis

A Sentiment Analysis, ou Análise de Sentimentos, é unha área fundamental dentro do Procesamento da Linguaxe Natural (PLN) que se enfoca na identificación e extracción de información subxectiva dos textos, utilizando diferentes técnicas de intelixencia artificial. O seu obxectivo principal é determinar a actitude, emoción ou xuízo do autor ou falante cara a un tema, entidade, produto ou evento específico, manifestándose tanto en forma de opinións, avaliacións, emocións ou intencións expresadas na linguaxe (Liu, 2012). Nunha sociedade cada vez máis dixital, onde a interacción e a expresión de opinións a través de textos (redes sociais, foros, artigos de opinión) son constantes, a capacidade de procesar e entender estas manifestacións subxectivas volveuse crucial para multitude de áreas de estudo.

No seu nivel máis básico, a Sentiment Analysis céntrase na clasificación da polaridade dun texto, clasificándoo como positivo, negativo ou neutro. Porén, o campo evolucionou de forma destacada ata acadar análises máis matizadas, por exemplo, a determinación da intensidade do sentimento (é dicir, o grao de forza da emoción ou opinión expresada), e a detección de emocións específicas (como alegría, tristeza, enfado, sorpresa ou medo), que ofrecen unha comprensión máis rica e detallada do estado emocional subxacente no texto (Pang & Lee, 2008), algo que se volve fundamental para poder capturar a complexidade da comunicación humana.

Para levar a cabo a análise de sentimentos, poden terse en conta diversas aproximacións metodolóxicas, cada unha coas súas propias fortalezas. En primeiro lugar, existen diferentes *enfoques baseados en regras* que constrúen sistemas baseados en conxuntos predefinidos de regras léxicas e gramaticais. Estas poden identificar palabras clave con carga emocional coñecida, detectar negacións que invisten o sentido do sentimento ("non bo" vs. "bo"), ou recoñecer modificadores de intensidade, pero hai que ter en conta que a súa eficacia depende da exhaustividade e calidade das regras deseñadas manualmente. Existen outros métodos que se basean na *aprendizaxe automática*, empregando algoritmos de ‘machine learning’, adestrados con grandes conxuntos de datos textuais previamente etiquetados manualmente xunto co seu sentimento correspondente. Deste xeito é como o modelo aprende a identificar os patróns lingüísticos e características que se correlacionan con cada sentimento, e así, unha vez adestrado, o modelo pasa a clasificar o sentimento en textos novos e non etiquetados. Por último, existen tamén enfoques baseados en *dicionarios ou léxicos* de sentimentos preexistentes, os cales conteñen listas de palabras e frases ás que se lles asignou previamente unha polaridade (positiva, negativa ou neutra) e, en ocasións, unha puntuación de intensidade. Deste xeito, pode calcularse o sentimento global dun texto calculando o agregado das puntuacións de sentimento das palabras que aparecen nel. Como veremos a continuación, ferramentas como LIWC (Linguistic Inquiry and Word Count), empregada no presente traballo, ilustra como se empregan dicionarios psicométricos para clasificar as palabras en múltiples categorías lingüísticas e psicolóxicas, ofrecendo así un perfil detallado do contido emocional e estilístico da linguaxe (Pennebaker et al., 2015).

Así mesmo, a ampla e crecente relevancia da Análise de Sentimentos esténdese a múltiples campos, por exemplo, no marketing permite ás empresas comprender a percepción dos seus clientes sobre produtos e servizos, monitorizar a reputación de marca e personalizar estratexias de comunicación; na política é crucial para medir a opinión pública, rastrexar o sentimento que despertan os liderados ou determinadas accións ou decisións políticas, e incluso axudar a prever resultados electorais; no ámbito da investigación social e humanística, proporciona unha ferramenta poderosa para analizar actitudes, valores e estados emocionais expresados en grandes volumes de texto, como publicacións en redes sociais, noticias ou

discursos, facilitando a extracción de coñecemento e a interpretación de fenómenos sociais (Liu, 2012).

4.3.3.1. Análise Emocional Automatizada (LIWC-22)

A análise emocional automatizada permite identificar e clasificar información subxectiva nos textos, como valoracións ou actitudes expresadas polo autor, mais a súa aplicación máis básica céntrase na polaridade global (positiva, negativa ou neutra) (Liu, 2012). Ferramentas como LIWC-22, que é a que, como xa se mencionou anteriormente, empregamos no presente estudo, permiten analizar categorías psicolóxicas, lingüísticas e sociais máis amplas, incluíndo emocións, actitudes e modos de expresión.

No presente traballo, esta metodoloxía aplícase para analizar a representación a nivel emocional dos liderados en artigos de opinión publicados en medios dixitais de referencia en España (*El País* e *El Mundo*), co obxectivo de examinar como estas representacións varían segundo o marco ideolóxico dos líderes ou do medio de comunicación no que foi publicado o artigo de opinión (esquerda/dereita) e o xénero das persoas que exercen o liderado e que son mencionadas ou analizadas nos textos (masculino/feminino).

Deste xeito, LIWC-22, un software especializado en análise de texto baseado en dicionarios psicolóxicos e lingüísticos, clasifica as palabras dos textos en múltiples categorías (emocións positivas e negativas, cognicións, procesos sociais, estilo lingüístico), proporcionando un perfil cuantitativo do contido emocional e lingüístico do corpus.

En canto ao procedemento técnico, os pasos seguidos foron os seguintes:

1. Acceso ao software: foi necesario adquirir unha licenza de estudante por un mes. Unha vez recibido o código de activación no meu correo, descarguei a aplicación para Windows e activeina no meu equipo persoal.
2. Carga do corpus: recollín os artigos de opinión de *El País* e *El Mundo*, gardándoos en formato TXT para facilitar a súa lectura polo programa.
3. Configuración inicial: seleccionei o dicionario en español que ofrece o propio programa para realizar a análise e carguei os textos en LIWC-22.
4. Execución LIWC-22: a análise.
5. Exportación dos resultados: obtiven unha táboa en formato CSV cos valores cuantitativos xerados para cada artigo e cada categoría.
6. Interpretación dos resultados: analicei as medidas xeradas de dúas maneiras: cuantitativa, atendendo á frecuencia e proporción de palabras en cada categoría; cualitativa, relacionando os patróns lingüísticos cos marcos ideolóxicos e co xénero dos líderes representados.

O uso de LIWC-22 permitiume procesar un conxunto amplo de textos de maneira rápida e replicable, ao tempo que proporcionou unha base sólida para interpretar como se constrúen e

representan os liderados nos artigos de opinión desde unha perspectiva lingüística e psicolóxica.

5. Análise

Este capítulo presenta os resultados da investigación realizada sobre a construción mediática do liderado político en *El País* e *El Mundo*, a cal se estrutura en dúas grandes seccións que exploran de forma independente, pero complementaria, a configuración de temas e imaxe dos liderados (7.1.) e a súa dimensión emocional (7.2.). Posteriormente, ambas as perspectivas integraranse para ofrecer unha visión conxunta dos fenómenos observados (7.3.).

Para facilitar a comprensión e a posta en contexto, os resultados expóñense organizados en función da figura de cada líder, e de maneira que a presentación segue unha orde de relevancia xerárquica na política estatal, priorizando a actual posición institucional: comezando por Pedro Sánchez (Presidente do Goberno), seguido de Yolanda Díaz (Vicepresidenta e Ministra), Alberto Núñez Feijóo (Líder da Oposición) e, finalmente, Isabel Díaz Ayuso (Presidenta autonómica). É importante destacar que esta ordenación non responde a criterios de xénero ou adscrición partidista, senón o seu significado no panorama político español no momento do estudo.

Ademais, compre mencionar que é fundamental interpretar os datos e as conclusións derivadas desta análise con cautela e precaución. Como se detallou no apartado metodolóxico, a natureza da mostra e as limitacións intrínsecas a calquera estudo de alcance determinado implican que os patróns identificados, aínda que significativos para o corpus analizado, deben ser considerados no seu contexto específico. Estes resultados achegan valiosos indicios sobre a complexidade da representación mediática, servindo como punto de partida para futuras investigacións máis amplas.

5.1. Configuración mediática de temas e imaxe dos liderados

Neste apartado preséntanse os resultados obtidos a través da análise realizada con ATLAS.ti sobre os artigos de opinión recollidos. Esta análise abrangue tres dimensións principais: en primeiro lugar, a identificación dos temas máis recorrentes asociados a cada líder político; en segundo lugar, os atributos de imaxe cos que son caracterizados; e, en terceiro lugar, a análise das coocurrencias entre temas e atributos. O obxectivo é examinar como se combinan diferentes elementos da cobertura mediática e como certos temas se relacionan de forma recorrente con determinados atributos de liderado, proporcionando unha visión máis completa da configuración da imaxe de cada candidato, un aspecto central na proxección da súa eficacia como líder (Rico, 2012).

Finalmente, inclúese un apartado xeral no que se sintetizan e comparan estes resultados, permitindo identificar patróns comúns e diferenzas relevantes entre os distintos liderados, tanto en termos de ideoloxía (dos candidatos/as e das editoriais seleccionadas) como de xénero, variable que actúa como un filtro fundamental na construción e na percepción dos liderados (Alexander & Andersen, 1993; García Beaudoux, 2012).

5.1.1. Pedro Sánchez: temas e imaxe nos medios

Gráfico 1. Diagrama de Sankey Unificado: Representación combinada de temas e imaxe de Pedro Sánchez en *El País* e *El Mundo*.



No Gráfico 1 preséntase un diagrama de Sankey que integra de forma conxunta os principais temas abordados e a imaxe proxectada por *El País* e *El Mundo* no caso de Pedro Sánchez, ofrecendo así unha visualización previa unificada que condensa a información que será detallada nos seguintes apartados, permitindo unha comprensión global das conexións entre os eixos discursivos e as liñas editoriais.

5.1.1.1. Temas predominantes

Táboa 4. Frecuencia de códigos de Temas para Pedro Sánchez nos artigos de opinión

Categoría e código	***El País* (f)**	***El País (%)***	***El Mundo* (f)**	***El Mundo (%)***	**Total (f)**	**Total (%)**
Lexitimidade e repr. política	18	16.36%	15	13.89%	33	15.14%
Polarización	11	10.00%	7	6.48%	18	8.26%
Desconfianza nos liderados	2	1.82%	6	5.56%	8	3.67%
Extremismos	5	4.55%	0	0%	5	2.29%
Sanchismo	12	10.91%	19	17.59%	31	14.22%
Manipulación	3	2.73%	9	8.33%	12	5.50%
Hiperliderado	8	7.27%	7	6.48%	15	6.88%
Autoritarismo	1	0.91%	4	3.70%	5	2,29%
Valores materialistas	2	0.91%	2	0.93%	4	0.92%
Valores posmaterialistas	4	3.64%	4	3.70%	8	3.67%
Democracia	1	0.91%	3	2.78%	4	1.83%
TOTAL MENCIÓNS	34	30.91%	26	24.07%	60	27.52%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de ATLAS.ti.

(f) = frecuencia de mencións

A análise temática (Táboa 4) mostra que a cobertura mediática sobre Pedro Sánchez despraza o foco das políticas públicas concretas cara a un debate centrado, sobre todo, na natureza do seu poder e na crise de lexitimidade do sistema, dándolle moito espazo a cuestións relativas á polarización política e social. A escaseza de códigos relacionados con 'Valores materialistas' ou 'Valores posmaterialistas' resulta significativa, indicando que, neste caso, o debate en torno a Pedro Sánchez non xira arredor das accións de goberno (economía, emprego, sanidade), senón sobre a súa figura mesma como líder, un fenómeno característico da política contemporánea (McAllister, 2007; Wattenberg, 1991), pero que ata o momento nunca chegara a niveis tan fascinantes na política española.

En *El País*, a axenda sitúa a Sánchez nun contexto de maior complexidade estrutural. O tema predominante é a Polarización (11 mencións), seguido de cuestións que representan ameazas á gobernabilidade como os Extremismos (5). Ao facelo, o medio constrúe un marco no que o

líder non é a orixe dos problemas, senón o actor principal para a súa xestión, como se pode apreciar nas numerosas referencias ao seu Hiperliderado (8), unha dinámica coherente co fenómeno da presidencialización en sistemas parlamentarios (Poguntke & Webb, 2005).

Por outra banda, en *El Mundo*, a axenda temática organízase arredor do significante Sanchismo (19), definido a través de subtemas compostos por unha forte carga negativa, como Manipulación (9) e Autoritarismo (4). O obxectivo desta axenda é establecer os termos dun xuízo político centrado nas intencións e procedementos do presidente marcados pola desconfianza (6), máis que nos seus resultados. Este enfoque resalta como as valoracións dos líderes políticos se basean en percepcións sobre as súas calidades persoais, que funcionan como indicadores clave para o electorado (Kinder et al., 1980; McGraw, 2003).

5.1.1.2. Representación da súa imaxe

Táboa 5. Frecuencia de códigos de Imaxe para Pedro Sánchez nos artigos de opinión

Categoría e código	*El País* (f)	*El País (%)*	*El Mundo* (f)	*El Mundo (%)*	Total	Total (%)
Atributos liderado feminino	**3**	**2.91%**	**3**	**5.77%**	**6**	**3.87%**
Dialogante	3	2.91%	0	0.00%	3	1.94%
Emocional	0	0.00%	2	3.85%	2	1.29%
Atributos liderado masculino	**19**	**18.45%**	**7**	**13.46%**	**26**	**16.77%**
Resolutivo	8	7.77%	0	0.00%	8	5.16%
Frío/racional	8	7.77%	1	1.92%	9	5.81%
Autoritario	1	0.97%	5	9.62%	6	3.87%
Atributos personalidade	**5**	**4.85%**	**7**	**13.46%**	**12**	**7.74%**
Firme	3	2.91%	0	0.00%	3	1.94%
Deshonesto	1	0.97%	4	7.69%	5	3.23%
Desleal	0	0.00%	3	5.77%	3	1.94%
Atributos xestión/competencias	**7**	**6.80%**	**1**	**1.92%**	**8**	**5.16%**
Xestor de crise	4	3.88%	1	1.92%	5	3.23%
Eficaz	3	2.91%	0	0.00%	3	1.94%
TOTAL MENCIÓNS	34	24.27%	18	28.85%	52	25.81%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de ATLAS.ti.

(f) = frecuencia de mencións

A imaxe proxectada de Sánchez (Táboa 5) cristaliza en dous perfís antagónicos produto do tratamento que lle dan ao candidato en cada un dos medios:

Os atributos que definen o seu liderado se observamos a narrativa de *El País* son eminentemente técnicos e tradicionalmente masculinos: Resolutivo (8 mencións), Frío/racional (8) e Xestor (3). Esta imaxe vese reforzada por competencias de xestión como Xestor/a de crise (4) e Eficaz (3), trazos que a literatura asocia coa percepción de autoridade e control (Alexander & Andersen, 1993). O único atributo feminino relevante, Dialogante (3), complementa este perfil ao dotalo dunha faceta institucional e democrática, afastándoo de calquera acusación de personalismo ou autoritarismo, o que pode interpretarse como unha forma de xestionar as complexas expectativas que se proxectan sobre os líderes (García Beaudoux, 2012).

Pola contra, *El Mundo* focalízase nunha perda de lexitimación de carácter moral e persoal, presentando de atributos de personalidade máis salientables os negativos: Deshonesto/a (4) e Desleal (3). Neste caso, si que vemos como o seu estilo de liderado se caracterizaría como Autoritario (5). Esta estratexia podería buscar transcender a crítica política para pasar a cuestionar a integridade ética do líder, un trazo fundamental na maneira en que os votantes interpretan e xulgan as personalidades dos políticos (Caprara & Vecchione, 2017).

5.1.1.3. Coocorrencias entre temas e atributos de imaxe

Gráfico 2. Diagrama de Sankey: Coocorrencias de temas e atributos de liderado en *El País* sobre Pedro Sánchez.



Gráfico 3. Diagrama de Sankey: Coocorrencias de temas e atributos de liderado en *El Mundo* sobre Pedro Sánchez.



A análise de coocurrencias é a que permite desvelar a posible lóxica interna de cada relato mediático, mostrando como os temas seleccionados actúan de base argumental para a imaxe que se desexa proxectar. Neste sentido, a selección de temas non é un elemento neutro, senón que funciona como un mecanismo central para dar visibilidade a valores e orientar a percepción pública sobre a autoridade do líder (Gidengil & Everitt, 2003).

Se analizamos os artigos de *El País r*elativos á figura de Pedro Sánchez, representado no Gráfico 1, comprobamos que os temas que se presentan céntranse moito no contexto, e describen un escenario político complexo, como a Polarización ou a Lexitimidade e representación política, co-ocorren principalmente con atributos de competencia como Resolutivo (3 e 5 veces, respectivamente). A mensaxe implícita que pode estar baixo esas coocorrencias é que as características do liderado de Sánchez (a súa firmeza, a súa racionalidade) non son trazos do seu carácter sen máis, senón respostas necesarias ante os desafíos aos que se ten que enfrontar polo contexto no que se desenvolve. Esta estratexia aliña o líder con competencias tradicionalmente masculinas de eficacia e control fronte a crises (Toner, 1990, citado en Alexander & Andersen, 1993).

Pola súa banda, a narrativa de *El Mundo,* mostrada no Gráfico 2, baséase nunha lóxica acusatoria. As coocorrencias demostran unha asociación sistemática entre o marco temático do Sanchismo e os atributos de imaxe negativos. En concreto, o tema Sanchismo: Manipulación co-ocorre de forma robusta coa imaxe de líder Deshonesto/a (5 veces), mentres que o tema de Autoritarismo (dentro de Sanchismo) se vincula directamente co atributo Autoritario (3 veces).

Como se pode observar, na análise dos artigos de opinión sobre o presidente do Goberno, pódese identificar a presenza de dúas liñas narrativas diferenciadas nos dous medios

estudados. En *El País*, os artigos tenden a presentar a Sánchez como un líder institucional e competente, implicado na xestión de situacións políticas complexas. Por outra banda, en *El Mundo* obsérvanse enfoques centrados en aspectos persoais e éticos do seu liderado, con mencións a características de estilo de goberno máis autoritarias. Estes datos mostran como os medios seleccionan e combinan temas e atributos de imaxe, configurando diferentes representacións do líder que reflicten a súa orientación ideolóxica e ofrecen ao lector marcos interpretativos distintos, reforzando o seu papel como axentes que fixan os criterios de avaliación dos actores políticos (Farrell & Webb, 2000).

5.1.2. Yolanda Díaz: temas e imaxe nos medios

Gráfico 4.Diagrama de Sankey Unificado: Representación combinada de temas e imaxe de Yolanda Diaz en *El País* e *El Mundo*.



O Gráfico 4 ilustra mediante un diagrama de Sankey os principais asuntos e atributos que configuran a imaxe de Yolanda Díaz en cada un dos medios. Esta representación visual sintetiza de maneira eficaz o contido que se desenvolverá nos puntos posteriores, facilitando deste xeito unha comprensión conxunta das estratexias discursivas de *El País* e *El Mundo*.

5.1.2.1. Temas predominantes

Táboa 6. Frecuencia de códigos de Temas para Yolanda Díaz nos artigos de opinión

Categoría e código	*El País* (f)	*El País (%)*	*El Mundo* (f)	*El Mundo (%)*	Total(f)	Total (%)
Lexitimidade e repr. política	**10**	**15.15%**	**16**	**22.54%**	**26**	**18.98%**
Polarización	6	9.09%	8	11.27%	14	10.22%
Nacionalismos	3	4.55%	4	5.63%	7	5.11%
Desconfianza nos liderados	0	0.00%	3	4.23%	3	2.19%
Valores materialistas	**5**	**7.58%**	**1**	**1.41%**	**6**	**4.38%**
Emprego	4	6.06%	0	0.00%	4	2.92%
Economía/sit.economica	3	4.55%	0	0.00%	3	2.19%
Valores posmaterialistas	**6**	**9.09%**	**4**	**5.63%**	**10**	**7.30%**
Democracia	4	6.06%	2	2.82%	6	4.38%
Igualdade de xénero	0	0.00%	2	2.82%	6	1.46%
Inmigración	2	3.03%	0	0.00%	2	1.46%
TOTAL MENCIÓNS	21	28.79%	21	29.58%	42	29.20%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de ATLAS.ti.

(f) = frecuencia de mencións

No caso da axenda temática sobre Yolanda Díaz, comprobamos que difire de maneira significativa da de Sánchez, mostrando unha maior presenza de políticas públicas, aínda que sen abandonar o marco da lexitimidade política:

A axenda de *El País* está claramente orientada a temas de xestión. Predominan os Valores materialistas (5 mencións), con especial fincapé no Emprego (4) e a Economía (3), e os Valores posmaterialistas (6 mencións), en contraposición ao que sucedía con Sánchez, destacando a Democracia (4). Esta selección temática sitúa a Díaz no seu rol de ministra de traballo, aliñando a súa figura con áreas políticas que, aínda que tradicionalmente masculinas como a economía, son interpretadas de novo dende unha perspectiva de benestar social, un ámbito frecuentemente asociado ás lideresas (Alexander & Andersen, 1993).

El Mundo, pola contra, mantén o foco na Lexitimidade e representación política (16 mencións, fronte a 10 en *El País*), enmarcando a Díaz nun contexto de Polarización (8) e Nacionalismos (4). Esta estratexia busca desprazar o debate desde a súa xestión como ministra cara ao seu papel no taboleiro político xeral. Ao facelo, o medio avalía a súa

competencia en ámbitos de alta política, tradicionalmente considerados masculinos (Krook, 2010).

É notable a case total desaparición do marco do Sanchismo (só 1 mención), o que indica que ámbolos dous medios, indistintamente da súa liña editorial, constrúen unha narrativa propia para Díaz, diferenciada da do presidente, a pesares de formar parte os dous do mesmo goberno. Esta personalización da cobertura mediática é un trazo distintivo da política actual, onde cada líder é presentado como unha figura autónoma (Poguntke e Webb, 2005; Rahat e Sheafer, 2007).

5.1.2.2. Representación da súa imaxe

Táboa 7. Frecuencia de códigos de Imaxe para Yolanda Díaz nos artigos de opinión

Categoría e código	*El País* (f)	*El País (%)*	*El Mundo* (f)	*El Mundo (%)*	Total (f)	Total (%)
Atributos liderado feminino	**11**	**16.42%**	**8**	**11.76%**	**19**	**14.07%**
Dialogante	6	8.96%	2	2.94%	8	5.93%
Empática	4		4		8	
Emocional	1		4		5	
Coidadora	3	4.48%	0	0.00%	3	2.22%
Atributos liderado masculino	**6**	**8.96%**	**5**	**7.35%**	**11**	**8.15%**
Fría/Racional	3	4.48%	1	1.47%	4	2.96%
Resolutivo	2	2.99%	0	0.00%	2	1.48%
Ambiciosa	1	1.49%	1	1.47%	2	1.48%
Autoritaria	0	0.00%	1	1.47%	1	0.74%
Dura	0	0.00%	1	1.47%	1	0.74%
Valente	0	0.00%	1	1.47%	1	0.74%
Atributos personalidade	**5**	**1.49%**	**10**	**2.94%**	**15**	**2.22%**
Comprometida	4	5.97%	0	0.00%	4	2.96%
Deshonesta	0	0.00%	7	10.29%	7	5.19%
Desleal	0	0.00%	3	4.41%	3	2.22%
Atributos xestión/competencias	**1**	**1.49%**	**0**	**0.00%**	**1**	**0.74%**
cap. técnica/preparación	1	1.49%	0	0.00%	1	0.74%
TOTAL MENCIÓNS	23	25.37%	23	25.00%	46	25.19%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de ATLAS.ti.

(f) = frecuencia de mencións

A construción da imaxe de Díaz está marcada de forma moi clara por atributos tradicionalmente asociados ao liderado feminino, xa que nos dous medios, os Atributos de liderado feminino (19 mencións en total) superan con creces aos masculinos (11 mencións). Isto indica que a súa identidade de xénero se configura como un compoñente central da súa imaxe mediática, reflectindo a tendencia a avaliar as mulleres políticas en función de atributos diferentes aos dos seus homólogos homes (Alexander & Andersen, 1993; García Beaudoux, 2012).

No caso de *El País,* proxéctase unha imaxe positiva baseada no estereotipo de xénero ligado ao liderado tradicionalmente feminino. Así mesmo, os códigos máis frecuentes son Dialogante (6) e Coidadora (4). Deste xeito, configúrase así a Yolanda como un perfil de liderado brando (*soft power*), colaborativo e social, asociado a trazos como a empatía e a proximidade (Sapiro, 1983, citado en Alexander & Andersen, 1993).

Se observamos *El Mundo*, este medio emprega o mesmo marco de atributos femininos (Dialogante 2, Emocional 4, Empática 4), pero o seu principal esforzo céntrase en construír unha imaxe de personalidade asociada a atributos con connotación negativa. Os códigos máis destacados son Deshonesto/a (7) e Desleal (3). Deste xeito, o xornal non cuestiona o seu estilo feminino, senón a súa integridade moral, de xeito semellante a como ocorría co seu compañeiro de goberno Pedro Sánchez. Esta estratexia demostra como os estereotipos de xénero non impiden o acceso a cargos, senón que condicionan os criterios baixo os cales as lideresas son xulgadas publicamente (García Beaudoux, 2012).

5.1.2.3. Coocorrencias entre temas e atributos de imaxe

Gráfico 5. Diagrama de Sankey: Coocorrencias de temas e atributos de liderado en *El País* sobre Yolanda Díaz.



Gráfico 6. Diagrama de Sankey: Coocorrencias de temas e atributos de liderado en *El Mundo* sobre Yolanda Díaz.



Como se pode observar (Gráfico 6), a narrativa de *El País* presenta unha lóxica de coherencia e de consolidación entre o xénero e a posición da líder. Os temas de xestión, como Valores materialistas (Economía, Emprego), co-ocorren con atributos como Coidadora (1) ou Emocional (1), suxerindo que a súa xestión económica está motivada pola preocupación social. Así mesmo, temas como Igualdade de xénero co-ocorren con Dialogante (1) e Emocional (1), reforzando a imaxe dunha líder comprometida cos seus principios a través dun estilo colaborativo, o cal se aliña coa asociación estereotipada das mulleres con políticas de coidado e benestar (Gidengil & Everitt, 2003).

A narrativa de *El Mundo* (Gráfico 7) segue unha lóxica de falta de lexitimación da candidata. A coocorrencia principal vincula o marco temático da Lexitimidade e representación política coa imaxe de Deshonesto/a (4 veces). O tema da Polarización asóciase directamente coa súa suposta falta de honestidade (2 veces). O máis interesante neste caso pode ser como os atributos femininos son intencionalmente re-significados dende este medio con intereses contrarios aos da candidata: o código Empática, por exemplo, co-ocorre con Desconfianza nos liderados (1 vez) e Deshonesto/a (2 veces). Isto podería suxerir un discurso no que a súa empatía non é xenuína, senón unha ferramenta populista e, polo tanto, deshonesta, ilustrando como as lideresas poden empregar tácticas para transformar trazos percibidos como "débiles" en fortalezas, ou como neste caso, os medios poden encadralos como debilidades (García Beaudoux, 2012).

A análise da cobertura mediática de Yolanda Díaz mostra unha dinámica na que a dimensión de xénero ten un papel relevante na construción da súa imaxe. En *El País*, os artigos destacan atributos asociados a un liderado feminino, asociados a un perfil colaborativo e social, resaltando competencias e valores tradicionalmente femininos. Mentres que en *El Mundo* estes mesmos atributos, que tamén aparecen, móstranse dende un marco crítico, vinculados a

cuestións de fiabilidade ou consistencia do seu liderado. Estes datos indican como o xénero e os estereotipos neste caso tamén cumpren unha función fundamental, así como os medios seleccionan e combinan temas e atributos para configurar representacións distintas da líder, reflectindo diferenzas na orientación ideolóxica de cada cabeceira (Johnson & Williams, 2020) e ofrecendo ao lector perspectivas contrastantes sobre o seu perfil político.

5.1.3. Alberto Núñez Feijóo: temas e imaxe nos medios

Gráfico 7. Diagrama de Sankey Unificado: Representación combinada de temas e imaxe de A. Núñez Feijóo en *El País* e *El Mundo*.



Mediante o diagrama de Sankey que se expón no Gráfico 7, obsérvnse os principais eixos temáticos asociados a Alberto Núñez Feijóo e a construción da súa imaxe pública en tanto atributos por *El País* e *El Mundo*. Esta síntese gráfica contén os principais achados da análise detallada que se presentará nos seguintes apartados, proporcionando unha visión global da configuración da súa imaxe.

5.1.3.1. Temas predominantes

Táboa 8. Frecuencia de códigos de Temas para A. Núñez Feijóo nos artigos de opinión

Categoría e código	*El País* (f)	*El País (%)*	*El Mundo* (f)	*El Mundo (%)*	Total (f)	Total (%)
Lexitimidade e repr. política	**5**	**5.62%**	**1**	**2.08%**	**6**	**4.38%**
Corrupción	3	3.37%	0	0.00%	3	2.19%
Sanchismo	**1**	**1.12%**	**5**	**10.42%**	**6**	**4.38%**
Manipulación	0	0.00%	3	6.25%	3	2.19%
Valores materialistas	**12**	**13.48%**	**7**	**14.58%**	**19**	**13.87%**
Emprego	4	4.49%	0	0.00%	4	2.92%
Fiscalidade	3	3.37%	2	4.17%	5	3.65%
Prestacións	2	3.37%	0	0.00%	3	2.19%
Empresarial	0		5		5	
Valores posmaterialistas	**11**	**12.36%**	**3**	**6.25%**	**14**	**10.22%**
Diversidade LGTB	9	10.11%	1	2.08%	10	7.30%
Igualdade de xénero	2	2.25%	1	2.08%	3	2.19%
TOTAL MENCIÓNS	29	32.58%	15	31.25%	44	32.12%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de ATLAS.ti.

(f) = frecuencia de mencións

A axenda temática sobre Feijóo marca un cambio significativo, centrándose, como veremos, en cuestións de política pública e na crítica ao goberno de Sánchez, que funciona como o seu principal marco de contraste. A selección destes temas constitúe un mecanismo central a través do cal se constrúe e comunica a súa imaxe de liderado (Gidengil & Everitt, 2003).

El País centra a súa axenda en áreas onde pode exercer unha crítica directa a Feijóo ou ao seu partido, de feito, a recorrencia que máis destaca é a do tema da Corrupción (3 mencións, exclusivas deste medio). Ademais, o seu interese céntrase en Valores posmaterialistas (11 mencións), con significativa atención á Diversidade LGTB (9), e en Valores materialistas (12) como o Emprego (4) e as Prestacións (3), probablemente para sinalar as súas propostas ou o seu pasado relacionado a esta área. Ao facelo, o medio fixa os criterios de avaliación sobre o

candidato, poñendo o foco en asuntos que poden ser controvertidos para o seu electorado ou o seu partido (Farrell & Webb, 2000).

A axenda de *El Mundo* en cambio, é constructivo e de contraste, empregando o tema do Sanchismo (5 mencións) como o adversario contra o que a acción de Feijóo debe ir encamiñada, especialmente a través da subcategoría Manipulación (3). Esta crítica ao opoñente combínase cun forte compoñente de Valores materialistas (7), destacando o apoio ao sector Empresarial (5). A súa axenda é, por tanto, dobre: deslexitimar o adversario e presentar a Feijóo como a alternativa económica solvente para o goberno. Esta estratexia reflicte unha dinámica de individualización onde as eleccións se presentan como un enfrontamento entre líderes (Wattenberg, 1991), e o candidato da oposición é situado no campo de combate como o inimigo, como un atallo cognitivo para os votantes que buscan un cambio (Popkin, 1991).

5.1.3.2. Representación da súa imaxe

Táboa 9. Frecuencia de códigos de Imaxe para A. Núñez Feijóo nos artigos de opinión

Categoría e código	*El País* (f)	*El País (%)*	*El Mundo* (f)	*El Mundo (%)*	Total (f)	Total *(%)*
Atributos liderado feminino	**0**	**0.00%**	**3**	**3.80%**	**3**	**2.94%**
Atributos liderado masculino	**3**	**13.04%**	**7**	**8.86%**	**10**	**9.80%**
Frío/racional	0	13.04%	2	2.53%	2	4.90%
Ambicioso	3	0.00%	2	3.80%	5	2.94%
Resolutivo	0	0.00%	2	2.53%	2	1.96%
Atributos personalidade	**3**	**13.04%**	**8**	**10.13%**	**11**	**10.78%**
Cercano	0	0.00%	5	6.33%	5	4.90%
Honesto	0	0.00%	4	5.06%	4	5.06%
Firme	1	4.35%	2	2.53%	3	2.94%
Deshonesto	2	8.70%	0	0.00%	2	1.96%
Atributos xestión/competencias	**2**	**8.70%**	**8**	**8.70%**	**10**	**9.80%**
Cap. técnica/preparación	2	8.70%	8	10.13%	10	9.80%
TOTAL MENCIÓNS	8	26.09%	26	24.05%	34	24.51%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de ATLAS.ti.

(f) = frecuencia de mencións

Neste caso, a imaxe proxectada de Feijóo está fortemente polarizada, seguindo a lóxica da afinidade ideolóxica da liña editorial dos dous medios analizados:

El País ofrece un retrato moi crítico e difuso, de feito, a súa principal e case única atribución de imaxe é a de líder Frío/racional (3 mencións), un trazo que se asocia tradicionalmente coa masculinidade no exercicio do poder (Alexander & Andersen, 1993). No plano da personalidade, a única crítica directa é a de Deshonesto/a (2 mencións), probablemente vinculada ao tema da corrupción. A escaseza xeral de códigos positivos ou negativos suxire a construción dunha imaxe dun líder cun perfil pouco definido.

En canto a *El Mundo*, neste medio constrúese unha imaxe de líder idealizado, competente e moralmente íntegro, con unha forte presenza da categoría de Atributos xestión/competencias, coa Capacidade técnica/preparación (8 mencións) como trazo definitorio. A súa personalidade descríbese como Honesto (4), Firme (2) e Cercano (5). O seu estilo de liderado é Resolutivo (2) e de Xestor (1), representado así o arquetipo do tecnócrata solvente e fiable. Esta construción aliñase coa idea de que os votantes interpretan as personalidades dos líderes a través de esquemas mentais que valoran trazos como a competencia e a cordialidade (Caprara et al., 2003), os cales poden ter grandes efectos para o éxito electoral (McGraw, 2003).

5.1.3.3. Coocorrencias entre temas e atributos de imaxe

Gráfico 8. Diagrama de Sankey: Coocorrencias de temas e atributos de liderado en *El País* sobre A. Núñez Feijóo.



Gráfico 9. Diagrama de Sankey: Coocorrencias de temas e atributos de liderado en *El Mundo* sobre A. Núñez Feijóo.



Segundo mostra o Gráfico 9, comprobamos que o enfoque que dá *El Mundo* baséase nunha lóxica de contraste co principal contrincante e de lexitimación técnica. Deste xeito, vemos que a coocorrencia máis potente é a do tema Manipulación en canto a Sanchismo, cos atributos de Honestidade (4 veces) e Firme (2 veces) dirixidos cara Feijóo. A mensaxe é clara: fronte á manipulación do adversario, Feijóo representa a honestidade e a firmeza. Así mesmo, os temas de Valores materialistas (Empresarial) asócianse directamente coa imaxe de líder con Capacidade técnica/preparación (2 veces), reforzando a idea de que a súa competencia xestora é a solución aos problemas económicos, unha estratexia que utiliza a selección de temas para construír credibilidade en ámbitos específicos (Gidengil & Everitt, 2003).

Para seguir, a narrativa de *El País,* representada no Gráfico 8, emprega unha lóxica máis centrada en pór en cuestión ao líder. A coocorrencia máis significativa, aínda que numericamente modesta, vincula o tema da Corrupción coa imaxe de Deshonesto/a (1 vez). Esta asociación, aínda que poida referirse a casos pasados do partido, serve para proxectar unha sombra de dúbida sobre a integridade do líder. O tema Desconfianza nos liderados co-ocorre coa imaxe de Frío/racional (2 veces), suxerindo que o seu estilo distante e calculador non xera confianza. Este achado pode interpretarse á luz da superación do hiperracionalismo na política, onde un liderado puramente técnico pode non ser suficiente para xerar o vínculo emocional necesario para a confianza (Marcus, 2002).

Así mesmo, a análise da cobertura mediática sobre Alberto Núñez Feijóo mostra unha dinámica que contrasta co caso analizado de Pedro Sánchez. En *El Mundo*, os artigos destacan

atributos asociados á competencia técnica, a honestidade e a capacidade de xestión, configurando unha imaxe de liderado centrada na preparación e na lexitimidade profesional, trazos que os votantes empregan para xulgar a personalidade dos políticos (Caprara et al., 2003). Pola súa banda, en *El País* obsérvanse enfoques máis críticos que, aínda que non alcanzan a intensidade vista noutros liderados, están máis centrados en cuestións como a corrupción pasada ou a falta de concreción política, propoñendo unha representación dun líder menos definido.

5.1.4. Isabel Díaz Ayuso: temas e imaxe nos medios

Gráfico 10. Diagrama de Sankey Unificado: Representación combinada de temas e imaxe de I. Díaz Ayuso en *El País* e *El Mundo*.



O Gráfico 10 achega un diagrama de Sankey que conecta a configuración da imaxe de Isabel Díaz Ayuso segundo as dúas cabeceiras analizadas. Esta visualización previa condensa os aspectos fundamentais que serán analizados en profundidade a continuación nos seguintes apartados.

5.1.4.1. Temas predominantes

Táboa 10. Frecuencia de códigos de Temas para I. Díaz Ayuso nos artigos de opinión

Categoría e código	***El País* (f)**	***El País (%)***	***El Mundo* (f)**	***El Mundo (%)***	**Total (f)**	**Total *(%)***
Lexitimidade e repr. política	**25**	**20.83%**	**4**	**5.56%**	**29**	**15.10%**
Polarización	10	8.33%	2	2.78%	12	6.25%
Nacionalismos	5	4.17%	2	2.78%	7	3.65%
Corrupción	4	3.33%	0	0.00%	4	2.08%
Historia e memoria colectiva	4	3.33%	0	0.00%	4	2.08%
Sanchismo	**1**	**0.83%**	**3**	**4.17%**	**4**	**2.08%**
Valores materialistas	7	5.83%	5	6.94%	12	6.25%
Fiscalidade	5	4.17%	2	2.78%	7	1.04%
Valores posmaterialistas	**6**	**5.00%**	**12**	**16.67%**	**18**	**9.38%**
Igualdade de xénero	1	0.83%	6	8.33%	7	3.65%
Diversidade LGTB	0	0.00%	5	6.94%	5	2.60%
TOTAL	37	30.83%	20	27.78%	57	54,16%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de ATLAS.ti.

(f) = frecuencia de mencións

En canto á axenda temática sobre Ayuso, esta está marcadamente polarizada, destacando cada un dos medios aspectos case opostos dela como candidata e da súa actividade política, o que demostra como a selección de temas funciona como un vehículo para proxectar atributos e orientar a percepción pública (Gidengil & Everitt, 2003).

En primeiro lugar, *El País* concentra a súa axenda de forma clara na categoría de Lexitimidade e representación política (25 mencións). O seu marco temático é o da Polarización (10), o conflito (Nacionalismos, 5) e a dúbida sobre a súa figura (Corrupción, 4; Historia e memoria colectiva, 4). Deste xeito, enmárcase a Ayuso como unha figura relacionada coa división. Este encadre aliñase coa idea de que a política actual responde máis a percepcións que a estruturas obxectivas, onde os afectos e os rexeitamentos xogan un papel central (Rivera, et. al, 2020).

Por outra banda, a cabeceira *El Mundo*, pola contra, focaliza a súa axenda nos Valores posmaterialistas (12 mencións), destacando a Igualdade de xénero (6) e a Diversidade LGTB (5), probablemente para presentar a súa xestión como moderna e liberal. Esta elección temática pode interpretarse como unha estratexia para desafiar os estereotipos de xénero que asocian as lideresas conservadoras unicamente con certos roles, construíndo credibilidade en ámbitos non tradicionais (Gómez & Martínez, 2021). Tamén se destaca o seu papel como contra-poder ao goberno central, a través do marco do Sanchismo (3), e a súa competencia en Valores materialistas (Fiscalidade, Emprego), construíndo así unha imaxe de xestora, eficaz e abandeirada da liberdade en distintos ámbitos.

5.1.4.2. Representación da súa imaxe

Táboa 11. Frecuencia de códigos de Imaxe para I. Díaz Ayuso nos artigos de opinión

Categoría e código	El País (f)	*El País (%)*	*El Mundo* (f)	*El Mundo (%)*	Total (f)	Total (%)
Atributos liderado feminino	**2**	**3.33%**	**5**	**4.76%**	**7**	**4.24%**
Dialogante	1	1.67%	3	2.86%	4	2.42%
Emocional	0	0.00%	1	0.95%	1	0.61%
Leal	0	0.00%	1	0.95%	1	0.61
Atributos liderado masculino	**12**	**20.00%**	**14**	**13.33%**	**26**	**15.76%**
Dura	4	6.67%	6	5.71%	10	6.06%
Fría/racional	4	6.67%	3	2.86%	7	4.24%
Ambiciosa	1	1.67%	4	3.81%	5	3.03%
Autoritaria	4	6.67%	0	0.00%	4	2.42%
Valente	1	1.67%	3	2.86%	4	2.42%
Atributos personalidade	**5**	**8.33%**	**9**	**8.57%**	**14**	**8.48%**
Cercana	2	3.33%	3	2.86%	5	3.03%
Comprometida	0	0.00%	5	4.76%	5	3.03%
Firme	3	5.00%	1	0.95%	4	2.42%
Atributos xestión/competencias	**1**	**1.67%**	**6**	**5.71%**	**7**	**4.24%**
Eficaz	0	0.00%	5	2.86%	5	1.82%
TOTAL MENCIÓNS	**20**	**26.67%**	**34**	**27.62%**	**54**	**27.27%**

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de ATLAS.ti.

(f) = frecuencia de mencións

En canto á imaxe de Díaz Ayuso, comprobamos que é desafiante dende varios puntos de vista, xa que, en primeiro lugar, vemos que nos dous medios, os Atributos de liderado masculino (26 mencións en total) dominan de maneira evidente fronte os femininos (7 mencións). A súa imaxe mediática non se constrúe sobre trazos de coidado ou diálogo, senón de forza e confrontación, en aberta contraposición aos atributos tradicionalmente asociados co liderado feminino como a empatía ou a compaixón (Alexander & Andersen, 1993; Sapiro, 1983).

No caso de *El País* constrúese unha imaxe de líder autoritaria e divisoria, mantendo a idea de Dureza (4) e Frialdade/racionalidade (4), pero o seu trazo distintivo por parte desta cabeceira é o de Autoritaria (4 mencións, todas exclusivas deste medio). Ademais, o seu atributo de personalidade máis salientable é a Firmeza (3), que neste contexto crítico pode adquirir una connotación de inflexibilidade. A ausencia case total de atributos de xestión positivos reforza a idea dun liderado máis centrado na confrontación que nos resultados, ilustrando o "dobre dilema" ao que se enfrontan as mulleres cando a adopción de trazos masculinos é penalizada e percibida negativamente (García Beaudoux, 2012).

Pola contra, *El Mundo* proxecta unha imaxe de líder forte e comprometida. O seu atributo masculino máis presente ao longo dos artigos é a Dureza (6 mencións), seguido da Ambición (4) e a Valentía (3). A súa personalidade defínese como Comprometida (5) e Cercana (3), e a súa xestión como Eficaz (5). Deste xeito, confórmase unha imaxe dunha líder sen complexos e efectiva no seu cometido. Esta combinación de trazos de firmeza con outros de proximidade pode ser unha estratexia comunicativa para construír un liderado lexitimado en contextos onde a cultura política está masculinizada (Ruiloba, 2020; Gwynn, 2011).

5.1.4.3. Coocorrencias entre temas e atributos de imaxe

Gráfico 11. Diagrama de Sankey: Coocorrencias de temas e atributos de liderado en *El País* sobre I. Díaz Ayuso.



Gráfico 12. Diagrama de Sankey: Coocorrencias de temas e atributos de liderado en *El Mundo* sobre I. Díaz Ayuso.



A narrativa de *El País* (Gráfico 11) emprega unha lóxica de causalidade, asociando determinados problemas con certas actitudes da presidenta da Comunidade de Madrid, como por exemplo, o tema da Lexitimidade e representación política, e en especial a Polarización e os Nacionalismos, que co-ocorre de forma sistemática con atributos de imaxe como Duro/a (5 veces en total) e Autoritario/a (3 veces). A mensaxe implícita que pode querer estar transmitindo esta cabeceira é que o estilo duro, autoritario e enfrontado de Ayuso é a causa directa da polarización, un enfoque que sitúa a explicación política en factores perceptivos e construídos máis que en causas estruturais (Rivera, et. al, 2020).

A proxección de *El Mundo* (Gráfico 12), en cambio, segue unha lóxica de lexitimación do comportamento da presidenta fronte o contexto contra ao que se enfronta, polo tanto, vese que, aínda que o tema da polarización é menos central, cando aparece, serve para validar a imaxe de Ayuso. Os temas de confrontación (Nacionalismos, Sanchismo) co-ocorren con imaxes de Dureza, Valentía e Compromiso. O discurso "oculto" pode ser que a dureza e a valentía de Ayuso son unha resposta necesaria e lexítima ante as ameazas do nacionalismo ou das políticas do goberno central, canalizando as paixóns políticas dentro dun marco de confrontación simbólica (Mouffe, 2007). O seu compromiso manifféstase ao abordar temas de Valores (materiais e posmateriais), presentándoa como unha xestora eficaz no medio do conflito.

Como podemos observar, a análise de coocorrencias mostra como cada medio fai uso do tema da polarización para xustificar a súa visión do liderado de Ayuso, construíndo os dous medios a súa imaxe como un arquetipo de liderado de confrontación que rompe cos estereotipos de xénero habituais (Alexander & Andersen, 1993). A súa imaxe, presentada como eminentemente masculina, funciona de xeito oposto segundo o medio: mentres *El País* a sitúa como a orixe da polarización a través dun estilo autoritario, *El Mundo* interpreta esa mesma dureza como unha resposta necesaria e valente, lexitimándoa polos seus resultados de xestión e polo seu compromiso ideolóxico. Esta dualidade na interpretación dun mesmo estilo de liderado pode estar relacionado co complexo "dobre dilema" ao que se enfrontan as lideresas, onde a adopción de trazos masculinos pode ser tanto celebrada como penalizada dependendo do marco interpretativo que se aplique (García Beaudoux, 2012).

5.1.5. Resultados xerais de coocorrencias

A análise dos datos extraídos dos catro casos de estudo permite extraer algunhas conclusións sobre os patróns de representación do liderado político na prensa de opinión española. Neste sentido, comprobamos que se da a existencia dun nesgo sistemático na configuración da imaxe dos líderes que opera a través de dous eixes interconectados: a ideoloxía como marco principal de lexitimidade/ausencia de lexitimidade, e o xénero como modulador das estratexias narrativas empregadas.

5.1.5.1. Construción da imaxe: Comparación por xénero

Como podemos observar, o xénero non é unha variable que actúe de forma neutra, senón un factor determinante no repertorio de atributos que os medios utilizan para describir aos líderes, confirmando que actúa como un filtro fundamental na construción da imaxe dos liderados, e da percepción que se ten dos mesmos (Alexander & Andersen, 1993).

Veremos en primeiro lugar como se configura o liderado feminino a representación das mulleres líderes segue dúas lóxicas opostas nos casos analizados: o cumprimento dos estereotipos de xénero, e a ruptura. En canto a Yolanda Díaz, esta é enmarcada case exclusivamente a través de *Atributos de liderado feminino* (Dialogante, Empática, Coidadora). A súa imaxe constrúese sobre o estereotipo do coidado e a colaboración (Sapiro, 1983). Pola contra, Isabel Díaz Ayuso representa a ruptura total co patrón de lideresa "feminina", de feito, a súa imaxe é a que presenta unha maior densidade de *Atributos de liderado masculino* (Duro/a, Autoritario/a, Valente) de todos os líderes analizados, superando mesmo aos candidatos masculinos (Pedro Sánchez e Núñez Feijóo). Neste sentido, ambas son xulgadas en función da súa relación con estes estereotipos, ilustrando o "dobre dilema" ao que se enfrontan: deben navegar unhas expectativas de xénero que os seus homólogos masculinos non teñen que afrontar (García Beaudoux, 2012).

En canto ao análise referente ao liderado masculino, púidose comprobar que este está protagonizado por outros eixos moi diferentes: as competencias dos líderes e a racionalidade que rixe o seu liderado. Deste xeito, a imaxe de Pedro Sánchez e de Alberto Núñez Feijóo constrúese arredor dun eixo de competencia e estilo de xestión. Independentemente da liña editorial do medio, e da valoración (positiva ou negativa), os trazos centrais son a Resolución, a Racionalidade (*Frío/racional*) e a Capacidade técnica. O seu xénero non é un tema de debate; dáse por sentado. A súa masculinidade non se configura a través da "dureza" explícita (como en Ayuso), senón a través da competencia técnica e a capacidade de xestión, considerados dominios tradicionalmente masculinos (Toner, 1990). A súa avaliación céntrase, por tanto, na súa capacidade como gobernadores ou posibles gobernantes, e na súa ética, trazos que os votantes empregan para xulgar a personalidade dos políticos (Caprara et al., 2003).

5.1.5.2. Construción da imaxe: Comparación por ideoloxía

Outra cuestión que se comprobou e que é moi determinante na representación da imaxe dos candidatos/as, é a ideoloxía e, máis concretamente, a afinidade ideolóxica entre o medio e o líder. Esta conexión convértese no factor máis poderoso e preditor da análise, chegando a determinar se os atributos son presentados como virtudes ou como vicios (Farrell & Webb, 2000; Masip, Suau & Ruiz-Caballero, 2020). Segundo este patrón, confírmase o rol dos medios como actores que fixan os criterios de avaliación da cidadanía, en liña coas dinámicas

de *priming* (Keeter, 1987; Popkin, 1991) e as teorías do *framing* (García Beaudoux, 2012; Van Dijk, 2016), que suxiren que os medios non só informan, senón que tamén inflúen na relevancia e interpretación da información, moldeando a percepción pública dos candidatos a través da énfase en certos temas ou atributos (McGraw, 2003; Rico, 2012).

En este sentido, pola parte de *El Mundo,* deslexitímase a nivel moral os líderes de esquerdas, por exemplo, a Pedro Sánchez enmárcase sistematicamente nos atributos de Deshonesto e Desleal; a Yolanda Díaz, tamén o de Deshonesta, converténdose este ataque á integridade persoal na principal ferramenta de deslexitimar, outro exemplo do crecente centralismo das figuras individuais e das súas características na política contemporánea (McAllister, 2007; Wattenberg, 1991).

Por outra banda, a crítica de *El País* aos líderes de dereitas lévase a cabo de xeito diferente, no caso de Alberto Núñez Feijóo, a el non se lle ataca tanto pola súa honestidade persoal actual, senón máis a través do estigma da Corrupción pasada do seu partido que, no fondo, pode servir para proxectar unha imaxe de Deshonesto/a de forma indirecta. En cambio, a Isabel Díaz Ayuso a crítica fáiselle polo seu estilo (Autoritaria, Dura), non pola súa integridade moral (os códigos Deshonesto/a e Desleal son inexistentes para ela). Pola contra, comprobamos que os medios afíns (*El Mundo* coa dereita, *El País* coa esquerda) constrúen a imaxe dos seus líderes a través das competencias (*Resolutivo, Capacidade técnica…*), o compromiso e a firmeza.

5.1.5.2. Construción da imaxe: Comparación temática

Por outra banda, a análise temática tamén revela nesgos de xénero significativos, aliñándose coa literatura que defende que a sociedade, polo xeral, tende a asociar determinados asuntos con atributos masculinos ou femininos (Gidengil & Everitt, 2003). No caso das mulleres, vemos como a Yolanda Díaz se lle vincula en ámbolos dous medios unha axenda eminentemente social (Emprego, Igualdade), e algo que chama a atención é que a Isabel Díaz Ayuso, cando é valorada positivamente por *El Mundo*, tamén se lle asocian temas de *Valores posmaterialistas* (Igualdade, Diversidade LGTB). Isto confirma a tendencia a enmarcar ás mulleres líderes no ámbito das "políticas de coidados" ou sociais (Alexander & Andersen, 1993). Non obstante, se observamos a axenda de Pedro Sánchez e Alberto Núñez Feijóo está moito máis centrada en temas de poder (Sanchismo, Lexitimidade, Polarización) ou en grandes marcos económicos (Fiscalidade, Empresarial), reforzando a asociación masculina coa xestión económica e institucional (Johnson & Williams, 2020; Toner, 1990).

7.1.5.3. Representación de mulleres líderes: entre o compromiso feminista e os esterotipos de xénero

Se analizamos o que acontece cos medios de comunicación de esquerdas en canto á representación de figuras políticas femininas, observamos que se trata de unha relación bastante complexa, xa que tradicionalmente, os medios progresistas adoitan abandeirar un

maior compromiso co feminismo e coa ruptura de estereotipos de xénero. Non obstante, no caso específico de *El País*, aínda que non se observa un machismo explícito equiparable, por exemplo, ao ataque moral que se puidese atopar noutra prensa, si se identifican nesgos de xénero sutís. Un aspecto clave que exemplifica esta cuestión é a construción da imaxe positiva de Yolanda Díaz, por exemplo, a cal se basea case exclusivamente en atributos tradicionalmente asociados ao feminino, como "dialogante", "coidadora" e "empática", como unha forma de paternalismo ou "sexismo benevolente", que a encadra nun rol de lideresa estereotipado. Ademais, é preciso remarcar que, aínda que sexa positivo o enfoque, este pode limitar a percepción da súa autoridade e competencia técnica e, de feito, aínda que si que se asocia á candidata con temáticas relacionadas coas políticas públicas, detéctanse moi poucas referencias a habilidades de xestión (a pesar de ser ministra de traballo e ter un papel moi activo dende que entrou no goberno). En contraste, a crítica a Ayuso céntrase en trazos como a "dureza" e o "autoritarismo", características que nun home poderían ser interpretadas como "firmeza" ou "liderado forte".

Isto suxire que, máis que un machismo explícito, existe unha tendencia a aplicar marcos de xénero diferenciados que, en última instancia, poden reproducir estereotipos tradicionais. Este fenómeno ilustra as dificultades ás que se enfrontan as mulleres para lexitimar o seu liderado en culturas políticas masculinizadas (Ruiloba, 2020; Gwynn, 2011), mesmo en espazos que se proxectan como progresistas.

5.2. Configuración emocional dos liderados a través dos medios

A análise realizada mediante LIWC-22 permitiu identificar diferenzas significativas na forma en que medios de comunicación como *El País* e *El Mundo* constrúen ou tratan a dimensión emocional dos catro líderes políticos estudados. Este enfoque parte da premisa de que as dimensións afectivas teñen un peso significativo na decisión de voto (Marcus, Newman, & MacKuen, 2000).

A continuación, preséntanse os resultados, organizados segundo a carga xeral de afectividade e as emocións predominantes en cada caso, co obxectivo de mostrar o xeito no que os medios poden configurar e modular a percepción emocional asociada aos distintos liderados. Esta capacidade dos medios para canalizar afectos demostra como as emocións se constrúen colectivamente a través da comunicación (Ahmed, 2004), un factor que a literatura tamén sinala como fundamental para a construción de imaxes de liderado eficaces (Johnson & Williams, 2020; García Beaudoux, 2012).

5.2.1. Configuración emocional de Pedro Sánchez

O primeiro caso a analizar é o de Pedro Sánchez, no que se examinou como diferentes emocións son mobilizadas para construír a súa imaxe política a través do tratamento que se lle da nos principais medios dixitais do Estado español.

5.2.1.1. Carga emocional

Táboa 12. Intensidade e valencia emocional (Pedro Sánchez)

	Positivas	**Negativas**	**Total**
El País	2,13%	2,24%	4,37%
El Mundo	3,05%	3,38%	6,43%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de LIWC-22.

Estes datos que aparecen na táboa 12 indican que os artigos de *El Mundo* conteñen unha maior proporción de termos con contido afectivo, o que suxire un uso máis intensivo de linguaxe emocional en comparación con *El País*. Observando polo miúdo o tipo de emocións que aparecen, vemos que nas negativas (EmoNeg), a densidade é máis elevada tamén en *El Mundo*, polo que se presenta a idea dun ton crítico máis marcado neste medio en comparación con *El País* cara a Pedro Sánchez. Algo que é realmente curioso o é o que sucede no tocante ás emocións positivas (EmoPos), xa que a presenza destas é tamén superior en *El Mundo*, o que pode relacionarse cun estilo discursivo dirixido ao candidato conformado por unha maior intensidade afectiva, no que a positividade pode que sexa empregada con fins contrastivos.

Taboa 13. Tipos de emocións negativas (Pedro Sánchez)

	Enfado	**Ansiedade**	**Tristeza**
El País	0,83%	0,23%	0,62%
El Mundo	2,14%	0,16%	0,41%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de LIWC-22.

Por outra parte, como se pode observar na táboa 13, obtivéronse datos máis detallados sobre o tipo de emocións negativas que se puideron detectar nos artigos de opinión que tratan a Pedro Sánchez como protagonista. En primeiro lugar, o Enfado, no que vemos unha diferenza especialmente significativa, cunha presenza en *El Mundo* que case triplica a de *El País*, o que apunta a un rexistro máis enfrontado e hostil en *El Mundo* que no medio afín ao candidato. Para seguir, detéctanse uns niveis de Ansiedade tamén diferentes, aínda que a diferencia neste aspecto é bastante pouca, e a porcentaxe máis elevada sería a de El País. Por último, están as porcentaxes relativas á Tristeza, nas que sucede algo semellante que no caso da Ansiedade, pero con valores moi baixos e unha diferenza entre medios case imperceptible.

5.2.1.2. Síntese dos resultados

A análise dos artigos sobre Pedro Sánchez mostra dous perfís ben diferenciados, en *El Mundo* predomina unha linguaxe con maior intensidade emocional, onde destaca especialmente a presenza de termos vinculados ao enfado, o que dota ao discurso dun ton belixerante e combativo, aliñado coas dinámicas da política contemporánea, baseada máis en adhesións e rexeitamentos viscerais que en debates argumentados (Mouffe, 2007). Pola outra banda, *El País* presenta unha expresión emocional máis limitada, cun peso total da carga emocional moito máis baixo ca a outra cabeceira, pero con un peso relativo maior en categorías como ansiedade e tristeza, que remiten a un rexistro crítico pero menos hostil, máis próximo á preocupación e á decepción. Este perfil emocional pode interpretarse non como unha ausencia de racionalidade, senón como a activación de diferentes modos de procesamento da información política (Neuman e MacKuen, 2000).

A análise dos artigos sobre Pedro Sánchez mostra dous perfís ben diferenciados. En *El Mundo* predomina unha linguaxe con maior intensidade emocional, onde destaca especialmente a presenza de termos vinculados ao enfado. É fundamental subliñar que esta porcentaxe de Enfado observada en Pedro Sánchez é a máis elevada de todas as emocións analizadas para calquera dos catro líderes e ámbolos dous medios, marcando unha diferenza moi significativa co resto de candidatos, tanto en medios afíns como non afíns. Este elevado nivel de enfado resulta consistente coa estratexia política predominante por parte da oposición, en particular do Partido Popular, que adoptou o "antisanchismo" como eixo central da súa narrativa. Neste contexto, a figura de Pedro Sánchez convértese no obxectivo principal dunha crítica frontal e emocionalmente cargada, o que dota ao discurso dun ton particularmente provocador e combativo, aliñado coas dinámicas da política contemporánea, baseada máis en adhesións e rexeitamentos viscerais que en debates argumentados (Mouffe, 2007). Pola outra banda, *El País* presenta unha expresión emocional máis limitada, cun peso total da carga emocional moito máis baixo ca a outra cabeceira, pero cun peso relativo maior en categorías como ansiedade e tristeza, que remiten a un rexistro crítico pero menos hostil, máis próximo á preocupación e á decepción. Este perfil emocional pode interpretarse non como unha ausencia de racionalidade, senón como a activación de diferentes modos de procesamento da información política (Neuman e MacKuen, 2000).

5.2.2. Configuración emocional de Yolanda Díaz

Do mesmo xeito que no caso anterior, a análise realizada con LIWC-22 revela a existencia de perfís emocionais diferenciados entre *El Mundo* e *El País* ao abordar a figura de Yolanda Díaz. Porén, a natureza desta diferenza é distinta: mentres que *El Mundo* mantén un ton marcadamente negativo, *El País* presenta un discurso máis positivo e moderado.

5.2.2.1. Carga emocional

Táboa 14. Intensidade e valencia emocional (Yolanda Díaz)

	Positivas	**Negativas**	**Total**
El País	2,25%	1,67%	3,92%
El Mundo	1,7%	2,8%	4,5%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de LIWC-22.

Como se observa na táboa 14, neste caso a diferenza global da carga emocional non é tan acusada como na análise de Pedro Sánchez, pero segue a ser *El Mundo*, o medio ideoloxicamente contrario aos intereses de Yolanda, quen amosa unha carga afectiva superior. En canto ás emocións positivas (EmoPos), vemos que é *El País* quen destaca por un uso maior de termos positivos, o que suxire un tratamento discursivo máis favorable respecto á candidata. De maneira oposta, *El Mundo* emprega con moita máis frecuencia léxico negativo (EmoNeg), de feito, practicamente o dobre que *El País,* configurando deste xeito un ton evidentemente máis crítico e desfavorable contra Yolanda.

Táboa 15. Tipos de emocións negativas (Yolanda Díaz)

	Enfado	**Ansiedade**	**Tristeza**
El País	0,77%	0,18%	0,18%
El Mundo	1,34%	0,36%	0,97%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de LIWC-22.

A táboa 15 mostra como a hostilidade é máis marcada en *El Mundo*, cunha frecuencia do Enfado case o dobre que respecto de *El País*; en canto á Ansiedade, de novo *El Mundo* duplica a frecuencia, reforzando o perfil centrado en emocións negativas; por último no caso da Tristeza, a diferenza é realmente moi acusada, empregando *El Mundo* cinco veces máis vocabulario ligado a esa percepción, evidenciando que o ton crítico enfócase tamén na desilusión ou na decepción, e non tanto no enfado, como sucedía no caso do seu compañeiro de goberno Pedro Sánchez.

5.2.2.2. Síntese dos resultados

No caso de Yolanda Díaz, os resultados amosan unha clara oposición entre medios, *El Mundo* constrúe un discurso acentuadamente negativo, no que conflúen hostilidade (enfado) e decepción (tristeza), o que lle confire un ton cargado e desfavorable, favorecendo o

sensacionalismo e a polarización (Martínez-Pandiani, 2006). El País, en cambio, incorpora unha proporción maior de léxico positivo e reduce o uso de termos negativos, o que dá lugar a unha representación máis moderada e incluso favorable ou, polo menos, afastada da confrontación directa.

5.2.3. Configuración emocional de Alberto Núñez Feijóo

Os datos relativos á configuración emocional de Feijóo debuxan un escenario case oposto ao observado nos casos de Pedro Sánchez e Yolanda Díaz, xa que, nesta ocasión é *El País* quen presenta un discurso cunha carga emocional máis elevada e cun ton principalmente crítico, mentres que *El Mundo* adopta un rexistro moito máis contido e, en termos xerais, favorable. Este xiro na estratexia emocional dos dous medios evidencia que o voto e a afinidade aos partidos e candidatos non depende unicamente dos sentimentos que evoca o candidato de maneira máis ou menos obxectiva, senón da ideoloxía do partido ao que representa (Westen, 2007).

5.2.3.1. Carga emocional xeral

Táboa 16. Intensidade e valencia emocional (Núñez Feijóo)

	Positivas	**Negativas**	**Total**
El País	2,63%	2,40%	5,03%
El Mundo	1,77%	0,90%	2,67%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de LIWC-22.

Segundo os datos que se mostran na táboa , no caso de Alberto Núñez Feijóo diferenza entre a carga emocional presente nas dúas cabeceiras é moi salientable: os artigos de *El País* presentan case o dobre de léxico con contido emocional ca *El Mundo*, o que indica un tratamento máis apaixonado e tamén subxectivo da figura de Feijóo. Así e todo vemos que, aínda que o discurso de *El País* é globalmente máis crítico coa figura de Feijóo, tamén incorpora unha maior proporción de termos positivos (EmoPos) ca o outro medio. Aínda así, no caso das emocións negativas (EmoNeg), *El País* emprega un volume de léxico moi superior a *El Mundo*, medio que mantén niveis baixos de valencia negativa (de feito, case a metade que de positividade), contrastando coa actitude que mantiña *El Mundo* con outras figuras políticas máis opostas á súa liña editorial, como no caso de Yolanda D. ou Pedro S.

Táboa 17. Tipos de emocións negativas (Núñez Feijóo)

	Enfado	Ansiedade	Tristeza
El País	0,94%	0,58%	0,53%
El Mundo	0,12%	0,16%	0,35%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de LIWC-22.

Centrándonos agora nos diferentes tipos de emocións negativas analizadas, temos en primeiro lugar o Enfado, que seguindo o patrón de novo de afinidade ou non afinidade ideolóxica co medio, esta é moito máis elevada en *El País*, de feito, case oito veces máis que no caso de *El Mundo*. Seguindo coa Ansiedade, o patrón ven a ser o mesmo, con un porcentaxe moi baixo no caso da cabeceira afín a Feijóo. Por último, no relativo á Tristeza, a diferenza é menor, pero segue o mesmo efecto ligado á afinidade, no que *El País* tamén presenta unha maior frecuencia de termos vinculados á decepción.

5.2.3.2. Síntese dos resultados

A análise do tratamento de Alberto Núñez Feijóo amosa claramente un contraste editorial moi marcado entre os dous medios: en *El Mundo*, o discurso resulta emocionalmente contido e con tendencia favorable, mantendo unha baixa afectividade global e a ausencia de léxico asociado ao enfado, o que suxire un ton máis próximo á neutralidade ou mesmo á valoración positiva cara o candidato. En cambio, en *El País* atopamos un rexistro moito máis intenso e crítico, no que a elevada carga afectiva e a frecuencia destacada de emocións negativas (especialmente enfado e ansiedade) configuran un ton combativo, desconfiado e marcadamente desfavorable. Esta combinación emocional pode estar aliñada cunha estratexia que busque, por unha banda, xerar rexeitamento e, por outra, activar a vixilancia do electorado ante un candidato percibido como unha ameaza (Marcus, Neuman e MacKuen, 2000).

No conxunto, os datos evidencian unha inversión de papeis respecto dos casos anteriores, *El Mundo*, que se amosaba máis hostil cos líderes da esquerda, adopta aquí un rexistro favorable; mentres que *El País* ocupa a posición contraria, cun ton máis duro e crítico. Esta dinámica é un exemplo máis de como a comunicación política actual se artella máis sobre percepcións que sobre estruturas ou argumentos, construíndo preferencias a través da canalización de afectos (Rivera, et. al, 2020), proceso no que os medios de comunicación compren un papel fundamental.

5.2.4. Configuración emocional de Isabel Díaz Ayuso

En canto ao tratamento discursivo de Isabel Díaz Ayuso nos artigos de *El Mundo* e *El País,* neste caso non reproduce o patrón claro de inversión observado con Feijóo en relación cos líderes da esquerda, xa que ámbolos medios proxectan un perfil emocional mixto, aínda que con matices diferenciados que condicionan o ton global. *El País* amosa unha maior intensidade e certa ambivalencia, mentres que *El Mundo* desenvolve unha crítica máis ligada á decepción.

5.2.4.1. Carga emocional

Táboa 18. Intensidade e valencia emocional (Díaz Ayuso)

	Positivas	**Negativas**	**Total**
El País	2,69%	1,59%	4,28%
El Mundo	2,04%	1,51%	3,55%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de LIWC-22.

Na última táboa presentada (táboa 18) móstrase como *El País* recorre a un volume máis elevado de léxico afectivo, configurando un discurso máis intenso e poderíase dicir que máis subxectivo que o de *El Mundo*. Se se observa polo miúdo o tipo de emocións presentes, percíbese un achado bastante salientable, xa que é *El País*, sendo un medio ideoloxicamente afastado á candidata, o que emprega máis léxico positivo (EmoPos) ao referirse a Ayuso, o que pode interpretarse como un recoñecemento puntual de logros concretos, como unha estratexia retórica que mestura eloxios con crítica. En canto ás emocións negativas (EmoNeg), o nivel global é practicamente equivalente nos dous medios, polo que, como se observa na seguinte táboa, a diferenza radica menos na cantidade crítica e máis na súa formulación.

Táboa 19. Tipos de emocións (Díaz Ayuso)

	Enfado	**Ansiedade**	**Tristeza**
El País	0,78%	0,20%	0,24%
El Mundo	0,66%	0,30%	0,56%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de LIWC-22.

Como se pode observar na táboa 19, en *El País*, vendo o porcentaxe de Enfado, detéctase un ton lixeiramente máis combativo que no caso de *El Mundo*, aínda lonxe da hostilidade máis extrema observada nos outros casos; en canto á Ansiedade, esta ten tamén valores semellantes, pero parece que *El Mundo* incorpora algo máis de léxico asociado á

preocupación e ao risco; por último, fixándonos na Tristeza, si que se percibe unha diferenza máis significativa, xa que o medio afín recorre máis a termos vinculados á decepción, o que pode indicar unha crítica expresada dende o lamento máis que dende a confrontación aberta.

5.2.4.2. Síntese dos resultados

En comparación cos outros líderes analizados, o caso de Díaz Ayuso presenta un perfil emocional singular. En *El País*, o discurso é intenso e bastante ambivalente, combinando un maior nivel de emocións positivas cun ton crítico, centrado principalmente no enfado. Trátase dun enfoque complexo que podería tratarse de recoñecer a relevancia política da líder madrileña ao tempo non se deixa de cuestionar con dureza o seu estilo e as súas decisións.

Pola contra, en *El Mundo*, o tratamento de Ayuso adopta un rexistro menos intenso, a carga emocional xeral é moderada e os niveis de enfado son baixos, o que indica que a crítica non se manifesta mediante confrontación directa. Ademais, o ton está matizado por emocións como a decepción ou a preocupación, vinculadas a certas decisións ou actuacións da política. Deste xeito, a presenza limitada de léxico positivo reflicte un estilo avaliativo e contido, centrado en comentar e ponderar as accións de Ayuso máis que en eloxiar ou destacar logros de forma explícita, adoptando así un enfoque reflexivo que evita a hostilidade sen que isto implique desaprobación, pero facendo máis ben unha análise contida e medida das actuacións da líder madrileña máis que unha crítica robusta e agresiva.

En conxunto, o tratamento mediático de Díaz Ayuso por parte de *El País* e *El Mundo* ilustra de forma concreta os efectos do chamado "xiro afectivo" nos estudos políticos, ao evidenciar unha vez máis como os medios non só informan, senón que tamén mobilizan emocións que contribúen a construír perfís políticos diferenciados. No caso de *El País*, a presenza dunha carga emocional intensa e ambivalente, combinada con emocións positivas cun ton crítico centrado no enfado, contribúe a configurar unha imaxe de líder relevante pero fortemente cuestionada. Pola contra, *El Mundo* opta por un rexistro máis moderado, no que predominan emocións máis ligadas á tristeza e á ansiedade, evitando a confrontación directa e adoptando un ton reflexivo. Así, os dous medios participan activamente na representación afectiva de Ayuso, evidenciando que as emocións non se comportan como elementos illados e neutrais, senón que son centrais na construción mediática da realidade política.

5.2.5. Comparación transversal dos resultados da análise emocional

Como xa se mencionou anteriormente, o presente traballo parte da premisa, consolidada polo "xiro afectivo" na ciencia política, de que a tradicional separación entre razón e emoción resulta insuficiente para comprender e explicar a complexidade dos fenómenos políticos contemporáneos (Máiz, 2010; Arias Maldonado, 2016). De igual maneira, o estudo realízase baixo o principio de que o ton emocional dos artigos de opinión non é un mero acompañamento estilístico, senón unha ferramenta estratéxica fundamental na construción da

imaxe dos líderes políticos, entendendo as dimensións efectivas como pezas clave na decisión de voto e na formación de percepcións (Marcus, Neuman e MacKuen, 2000; Rivera et. al, 2020). Así mesmo, a análise emocional, realizada a través de LIWC-22, permite transcender en certo modo os casos individuais para identificar (con cautela debido á limitada calidade da mostra) posibles patróns sistemáticos no uso da linguaxe afectiva por parte dos medios de comunicación. Neste sentido, é importante mencionar que a valencia e a intensidade das emocións proxectadas están fortemente conectadas coa afinidade ideolóxica e moduladas, de forma máis ou menos sutil, pero significativa, polo xénero do líder analizado, tal e como suxire a literatura xa presentada sobre estereotipos na comunicación política (Johnson & Williams, 2020).

5.2.5.1. A fractura ideolóxica: Esquerda vs. dereita

O factor máis determinante e preditor do ton emocional é a aliñación ideolóxica entre o medio e o líder. Os datos debuxan un "espello emocional" case perfecto, onde a hostilidade se dirixe ao adversario e a contención e incluso nalgúns casos os eloxios se reservan para os candidatos e candidatas afíns. Este fenómeno reflicte como as percepcións do electorado están constantemente condicionadas por emocións, e como a comunicación actúa como un axente indispensable na creación de preferencias (Ahmed, 2004), convertendo os medios nun poder autónomo que condiciona as estratexias dos partidos (Farrell y Webb, 2000), aínda que esta relación pode ser tamén bidireccional.

En primeiro lugar, analizarase a cobertura de *El Mundo* sobre os dous candidatos de partidos de esquerdas seleccionados, Pedro Sánchez e Yolanda Díaz. Esta caracterízase por unha carga de afectividade negativa moi superior á de *El País*, onde o indicador clave é a emoción discreta de Enfado, xa que se rexistra un 2.14% de linguaxe de enfado para Sánchez e un 1.34% para Díaz, cifras relativamente altas, que sinalan unha estratexia de confrontación directa e hostilidade cara eles. En contextos de polarización e saturación informativa, este marco emocional actúa como un "atallo cognitivo" (Popkin, 1991), actuando como un mecanismo de simplificación da política para o groso da sociedade, que ao recibir a información terá que escoller se se adhire ou si se separa, si é “dos del/a”, ou dos contrarios. De feito, este mesmo patrón atopámolo se analizamos o que ocorre con *El País,* empregando un ton máis negativo e combativo contra Alberto Núñez Feijóo, cunha taxa de Enfado do 0.94% e a maior carga de Ansiedade (0.58%) de toda a análise. Isto suxire unha estratexia de asociar ao líder con emocións negativas, un exemplo de como as estas poden ser útiles para activar diferentes modos de procesamento da información política (Marcus, Neuman e MacKuen, 2000), e de que se usa segundo os intereses ideolóxicos dos diferentes actores.

Por outra banda, se observamos o discurso de *El mundo* cando se trata dos líderes do Partido Popular, o patrón atopado da un xiro completo en comparación a cando se trataba de Pedro Sánchez e Yolanda Díaz, priorizando máis a contención emocional e o apoio implícito. De feito, esta maneira de actuar é unha especie de proba definitiva deste espello ideolóxico que empregan os medios na súa construción emocional da imaxe dos candidatos e candidatas. Por

exemplo, o tratamento de Feijóo en *El Mundo* destaca por un nivel de carga negativa xeral moi reducido (0.9%) e unha taxa de Enfado case inexistente (0.12%). De forma similar, a cobertura de Yolanda Díaz en *El País* presenta a menor carga de EmoNeg (1.67%) de todos os líderes de esquerdas. Este intento de preservar a "neutralidade" afectiva funciona como un mecanismo de protección ou validación, presentando a estes líderes como a opción racional ou "óptima", o que pode influír na percepción de atributos como a competencia ou a estabilidade emocional (Caprara et al., 2003). De novo, estes resultados amosan que a prensa non se limita a informar, senón que participa activamente na confrontación simbólica e no proceso de espectacularizar o conflito político (Mouffe, 2007) segundo intereses propios aliñados coa liña editorial das cabeceiras en cuestión, reforzando identidades partidistas e orientacións afectivas colectivas (Campbell et al., 2016).

5.2.5.2. Nesgo de xénero: Homes vs. mulleres

A fin de contas, aínda que a ideoloxía determina sen dúbida a intensidade que os medios poden facer na crítica, o xénero constitúe unha variable tamén moi determinante, por exemplo, no tocante a modular o tipo de emoción negativa que se emprega, o que suxire que as mulleres con cargos políticos adoitan ser valoradas con diferente criterio que aos dos seus homólogos homes (Alexander & Andersen, 1993).

En canto a crítica dirixida cara as mulleres, esta inclúe tamén o enfado, pero introduce un compoñente distintivo que non está presente nas emocións dos candidatos homes, a Tristeza. Neste sentido, *El Mundo* está no primeiro lugar nas taxas de linguaxe asociada á tristeza e a decepción cando fala sobre Yolanda Díaz (0.97%), e a Isabel Díaz Ayuso, pero con valores case un 50% por debaixo (0.56%). Así mesmo, o feito de que estas emocións non sexan tan predominantes no caso das críticas aos homes, podería suxerir unha estratexia de quitar lexitimación máis centrada na súa persoa máis que no rol que ocupan, e dende unha perspectiva máis paternalista, como se lonxe de ser unha ameaza para os contrincantes, o que provocan é unha decepción. Non obstante, é salientable o feito de que no caso de Yolanda Díaz, apreciamos claramente a lóxica polarizada da prensa de opinión, pero no caso de Ayuso vemos que as estratexias que se levan a cabo son quizais máis complexas, cargadas de máis ambivalencia, a pesar da súa relación ideolóxica co medio. Por exemplo, se observamos o que sucede en *El País*, Ayuso rexistra neste medio a taxa máis alta de EmoPos (2.69%) de toda a análise, dándose unha crítica que, ao mesmo tempo, parece que recoñece a súa forza política e a popularidade innegable dentro e fora da súa comunidade autónoma. Este caso é realmente moi interesante, porque pode ser reflexo de que a combinación de atributos masculinos a unha candidata muller, desafiante cos estereotipos de xénero, sexa a posible causa de que o trato a esta candidata por ámbolos dous medios de comunicación sexa tan particular. Así mesmo, o perfil emocional de Díaz Ayuso encaixa cos "modelos multidimensionais" das emocións, que explican a posibilidade de que coexistan sentimentos encontrados na construción dunha mesma representación pública (Neuman et al., 2007).

5.2.5.3. Patróns estratéxicos no uso da emoción

A análise transversal entre toda a información recadada dos catro líderes, permite identificar catro patróns claros no uso estratéxico das emocións que fan os medios de comunicación comunicación e deixan claro a relevancia a nivel electoral e de opinión pública. En primeiro lugar, o uso da emoción de Enfado empregado como un marcador de oposición é un elemento fundamental que os dous medios empregan para confrontar aos adversarios ideolóxicos, entendéndose así a política como un espazo de confrontación simbólica por parte dos medios (Mouffe, 2007). Para seguir, a Decepción parece ser empregada como unha crítica condicionada polo xénero, así como a Tristeza, que desprazan o debate do poder político, ao comportamento persoal, evidenciando que a avaliación que se exerce sobre os candidatos e candidatas non se fai baixo os mesmos criterios, senón que depende do xénero destes (Alexander & Andersen, 1993). En relación a isto, outra cuestión a resaltar é a Ambivalencia, empregada no caso de Ayuso por *El País* como un posible recoñecemento de poder, a pesar de facer unha crítica do mesmo (Aaldering e Vliegenthart, 2016).

Por último, outro aspecto fundamental a destacar é o uso da Neutralidade co obxectivo de lexitimar ao candidato ou candidata do que se estea a falar, é dicir, a ausencia deliberada de carga emocional, e especialmente de emocións negativas (EmoNeg), funciona como un poderoso mecanismo de apoio implícito, presentado ao e á líder afín como a opción por defecto, a alternativa máis racional fronte ao adversario, cargado de emocionalidade (principalmente EmoNeg), contribuíndo á súa vez a construír unha imaxe de competencia e sinceridade do candidato ou candidata afín.

Así pois, grazas á análise da linguaxe realizada con LIWC-22, comprobamos como, efectivamente, a prensa, e concretamente os artigos de opinión, son un actor central no "xiro afectivo" da política, na que emoción e razón non se comprenden máis de maneira separada, senón complementarias e interrelacionadas (Marcus et al., 2000). En efecto, os medios guían a través das emocións o procesamento da información política, influíndo deste xeito na percepción cidadá sobre os líderes e as súas accións políticas, a través de sentimentos de adhesión, hostilidade, decepción ou confianza forman autoridade ou lexitimidade dos líderes, ou a destrúen, demostrando tamén que a política contemporánea responde máis a percepcións construídas polos diferentes actores, entre os que os medios de comunicación teñen un papel fundamental, que a realidades estruturais (Rivera et al., 2020), e que a combinación entre a comunicación e as emocións constitúe unha das claves fundamentais no poder político nesta era protagonizada polos medios dixitais, na que os fluxos de información se encontran principalmente en liña.

5.3. Interpretación conxunta dos resultados

Este apartado articula os resultados obtidos das análises de contido cualitativo con ATLAS.ti e da interpretación de datos dos resultados sacados con LIWC-22, co obxectivo de ofrecer unha comprensión global da construción mediática dos liderados políticos, xa que lonxe de ser

procesos independentes, a configuración da imaxe a través de temas e atributos e a modulación emocional do discurso operan de forma sinérxica, revelando como os medios non só informan, senón que activamente articulan narrativas que mobilizan afectos e moldean as percepcións da poboación. Deste xeito, a integración destas dúas dimensións resulta crucial para captar a complexidade do "xiro afectivo" na ciencia política, onde emoción e razón deixan de ser entendidas como esferas separadas para converterse en elementos intrinsecamente interrelacionados na formación da opinión pública e na decisión de voto (Marcus, Newman, & MacKuen, 2000; Máiz, 2010).

5.3.1. Construción da imaxe de liderado: Un dobre filtro de xénero e ideoloxía

A análise dos catro casos de estudo con ATLAS.ti puxo en evidencia a relevancia ineludible do xénero e da afinidade ideolóxica como eixos centrais na definición da imaxe dos líderes, é dicir, mentres que a ideoloxía funciona máis como un marco de lexitimación ou falta de lexitimación, o xénero modulaba o repertorio de atributos, especialmente no liderado feminino, onde se observou, dende a confirmación do estereotipo con Yolanda Díaz, ata a súa ruptura radical con Isabel Díaz Ayuso. Ademais, por outra parte, hai que engadir a esta configuración da imaxe, a análise emocional realizada con LIWC-22, a cal demostrou que, o ton afectivo non é un mero adorno estilístico, senón unha ferramenta estratéxica que debuxa e reforza a posterior lectura dos atributos percibidos.

Polo que se refire ao caso das mulleres líderes, a crítica mediática, ademais de confrontación, introduce un matiz emocional de *tristeza* ou *decepción* que non se identifica coa mesma intensidade no caso dos seus homólogos masculinos (as mellores frecuencias de termos asociados á tristeza encóntranse nas críticas a Yolanda Díaz e a Díaz Ayuso por parte de *El Mundo* (0,97% e 0,56% respectivamente), o que non só reflicte unha estratexia de falta ou perda de lexitimidade, senón que evoca unha percepción máis persoal ou quizais paternalista. En este sentido, o foco do debate político queda desprazado do poder cara un xuízo sobre a integridade ou as expectativas incumpridas da persoa, o que ilustra o "dobre dilema", polo que as mulleres políticas e as súas capacidades son xulgadas baixo un prisma distinto ao dos homes (Alexander & Andersen, 1993; García Beaudoux, 2012).

No caso particular de Ayuso, vemos que rompe co estereotipo do que sería unha lideresa "feminina", ao ser enmarcada polas dúas cabeceiras con atributos de liderado masculino (dura, autoritaria, valente), incluso con maior densidade que os propios líderes homes, e atopa un eco enorme na súa configuración emocional, cunha elevada porcentaxe de emocións positivas en *El País* (un medio ideoloxicamente adverso), xunto con un ton crítico de enfado. Esta dinámica complexa podería interpretarse como un recoñecemento da súa innegable forza política e popularidade feito dende a crítica, revelando a capacidade dos medios para construír tamén perfís multidimensionais que integren sentimentos aparentemente contraditorios (Neuman et al., 2007). Dito doutro xeito, non se trata de unha simple loanza á candidata, senón un recoñecemento case forzoso que, ao mesmo tempo, se emprega para contextualizar e cuestionar a fonte dese poder.

Por outra banda, os líderes masculinos (Pedro Sánchez e Alberto Núñez Feijóo), son construídos con atributos de competencia, racionalidade e capacidade de xestión, de maneira que a súa masculinidade non se configura a través dunha dureza explícita, senón a través da súa eficacia técnica (Toner, 1990). A crítica dirixida a eles percibida a través da análise emocional percíbese a través do enfado (2.14% para Sánchez en *El Mundo*; 0.94% para Feijóo en *El País*), unha emoción máis directa e asociada á confrontación política, o que deixa entrever que, inda que a falta de lexitimación ideolóxica é igual de potente, o tipo de emocións empregadas varía de maneira significativa en función do xénero, orientando así as percepcións que poida ter o público de maneira desigual.

5.3.2. Polarización Ideolóxica: Os temas e as emocións como impulsores

A análise conxunta non só confirma a fractura ideolóxica na configuración da imaxe, senón que a fai máis fonda, ao demostrar como esta se manifesta de forma case especular no ton emocional dos artigos. Deste xeito, como xa se comentou anteriormente, os medios operan como "espellos emocionais", onde a hostilidade se destina ao adversario e, a contención, ou incluso o apoio implícito, se reserva para os afíns. Esta dinámica non é un mero accidente editorial, senón unha estratexia deliberada para fixar os criterios de avaliación e influír na formación de preferencias do electorado (Farrell & Webb, 2000; Ahmed, 2004).

Se se analiza pormenorizado o caso dos líderes de esquerda, Pedro Sánchez e Yolanda Díaz en canto á cobertura que fai deles *El Mundo*, esta caracterízase por unha notable carga de afectividade negativa, cunha preeminencia do enfado que sinala unha estratexia de confrontación directa e hostilidade. Neste sentido, a elevada porcentaxe de enfado asociada a Pedro Sánchez é especialmente significativa e vincúlase directamente coa estratexia do "antisanchismo" adoptada por parte da oposición política, que o converte no foco principal da crítica emocionalmente cargada. En canto aos temas que tratan, como o "Sanchismo" e a "Manipulación", para Sánchez, ou o encadre de Díaz na "Lexitimidade" e "Polarización" en detrimento das súas políticas públicas, están en sintonía co bombardeo emocional protagonizado polo enfado que, neste contexto, non só deslexitima, senón que tamén simplifica a complexidade política, actuando como un "atallo cognitivo" que polariza ao electorado en adhesións e rexeitamentos viscerais (Popkin, 1991; Mouffe, 2007).

Así mesmo, *El País* adopta unha estratexia similar, utilizando un ton máis negativo e confrontador contra Alberto Núñez Feijóo, con elevadas taxas de *enfado* e *ansiedade*. En canto á crítica temática, esta está ligada principalmente á "Corrupción", a cal se ve amplificada pola activación destas emocións negativas, buscando xerar rexeitamento e activar a vixilancia do electorado ante un adversario percibido como ameaza (Marcus, Neuman, & MacKuen, 2000). Non obstante, cando os medios tratan aos líderes afíns, obsérvase que o patrón emocional dá un xiro radical, por exemplo, *El Mundo* prioriza a contención emocional e o apoio implícito para Alberto Núñez Feijóo, mostrando unha carga negativa xeral moi reducida e un *enfado* case inexistente. De xeito análogo, *El País* presenta a menor carga de emocións negativas para Yolanda Díaz. Esta aparente "neutralidade" afectiva funciona como

un mecanismo de protección ou validación, posto que reducir a carga emocional negativa, os medios poden estar pretendendo construír unha imaxe de obxectividade e racionalidade para os seus líderes afíns, presentándoos como a "opción óptima" ou a alternativa estable fronte ao exceso de carga emocional que provoca axitación por parte do adversario. Este sutil reforzo pode influír na percepción de atributos como a competencia, a sinceridade e a estabilidade emocional (Caprara et al., 2003; Aaker, 1997).

5.3.3. Estratexias mediáticas e o “xiro afectivo” na política contemporánea

Tras a análise transversal dos achados, identifícanse catro patróns estratéxicos fundamentais na canalización de emocións por parte dos medios, que subliñan a súa centralización na política contemporánea:

1. O enfado como ferramenta de confrontación: É claramente utilizado como un marcador de oposición ideolóxica por parte dos medios de comunicación, e serve para aumentar o carácter de espectáculo do conflito político (Mouffe, 2007) e polarizar as identidades partidistas.
2. A decepción/tristeza como crítica de xénero: Esta emoción, máis presente nas mulleres, evidencia unha avaliación diferenciada que se centra no persoal e no moral, en lugar de no político-estratéxico.
3. A neutralidade como lexitimación implícita: A ausencia deliberada de emocións negativas opera como un poderoso mecanismo de apoio, presentando ao líder afín como a opción racional e competente, ausente de problemas que rodeen o seu liderado, construíndo unha imaxe de fiabilidade fronte ao adversario.
4. Por último, e menos contrastado, o posible uso da ambivalencia como recoñecemento crítico: O caso de Ayuso suxire que a mestura de emocións positivas e negativas permite aos medios recoñecer o poder e a relevancia dun líder, mesmo cando se busca activamente cuestionar o seu estilo ou as súas políticas.

En conclusión, a conxunción das análises de ATLAS.ti e LIWC-22 demostra que a prensa, e particularmente os artigos de opinión, son un actor central no "xiro afectivo" da política. Temas, atributos de imaxe e emocións non se comprenden xa de forma separada, senón como elementos complementarios e interrelacionados que os medios seleccionan e combinan estratexicamente. Guiando a través das emocións o procesamento da información política, estes inflúen decisivamente na percepción cidadá sobre os líderes e as súas accións. Para logralo, sentimentos de adhesión, hostilidade, decepción ou confianza son mobilizados para construír ou destruír a autoridade e lexitimidade dos líderes, evidenciando que a política contemporánea responde máis a percepcións afectivamente construídas polos diferentes actores, que a realidades estruturais obxectivas e, en estas novas dinámicas, os medios de comunicación xogan un papel fundamental, (Rivera et al., 2020). Por esta razón, comprobase que, nesta era protagonizada pola comunicación dixital, onde os fluxos de información se atopan principalmente en liña, a comunicación e as emocións constitúen as claves fundamentais do poder político.

6. Conclusións

O presente Traballo de Fin de Máster tivo como obxectivo xeral analizar a construción mediática do liderado político de catro figuras clave da política española (Pedro Sánchez, Yolanda Díaz, Isabel Díaz Ayuso e Alberto Núñez Feijóo) a través dos artigos de opinión publicados nas versións dixitais de *El País* e *El Mundo* nos meses previos ás eleccións xerais de xullo de 2023. Para iso, exploráronse as dimensións de xénero e ideoloxía, os temas tratados, as emocións transmitidas e os atributos de liderado representados. Mediante unha metodoloxía que combinou a análise de contido cualitativa (ATLAS.ti) coa lexicométrica da emoción (LIWC-22), ofrecendo unha comprensión integrada de como os medios articulan as distintas narrativas políticas.

Os resultados obtidos permitiron verificar as hipóteses formuladas, achegando unha comprensión máis profunda da complexidade da representación mediática:

En relación coa H1, confirmouse que os liderados femininos (Yolanda Díaz e Isabel Díaz Ayuso) tenden a ser asociados con maior frecuencia a temas sociais ou de coidados, mentres que os liderados masculinos (Pedro Sánchez e Alberto Núñez Feijóo) se vinculan principalmente con temas económicos, institucionais ou de poder, achado que subliña a persistencia de roles e a existencia de influencias diferenciadas segundo o xénero na esfera pública, mesmo en medios con proxección progresista.

No tocante á H2, os datos evidenciaron que os atributos de liderado representados reflicten, en gran medida, estereotipos de xénero. Yolanda Díaz foi encadrada en trazos como o diálogo ou a empatía (sexismo benevolente), mentres que os líderes masculinos se asociaron máis coa competencia e a racionalidade. Non obstante, o caso de Isabel Díaz Ayuso emerxeu como unha excepción notable, xa que a pesar de ser muller, foi consistentemente descrita con atributos de liderado máis masculinos (dureza, autoritarismo), o que suxire unha ruptura radical co estereotipo feminino tradicional e a capacidade dos medios para construír perfís multidimensionais a partir de ese perfil relativamente rompedor.

Así mesmo, os resultados da análise emocional confirman parcialmente a H3, que postulaba unha maior intensidade emocional global e unha presenza máis equilibrada de valencia positiva e negativa na representación mediática do liderado feminino fronte a unha menor intensidade no masculino. Se ben a cobertura dos líderes masculinos se caracteriza, principalmente, por unhca carga emocional máis contida ou centrada no "enfado" ante o adversario ideolóxico, a representación feminina, especialmente cando se centra na crítica, introduce unha maior diversidade e intensidade emocional ao incorporar emocións como a "tristeza" ou a "decepción", ausentes na análise de Pedro Sánchez e Feijóo. Este achado suxire que os medios empregan máis diversidade emocional e complexa para abordar o liderado das mulleres. Con todo, a noción dunha "presenza máis equilibrada de valencia positiva e negativa" no liderado feminino non se observa de forma xeneralizada. Aínda que o caso de Isabel Díaz Ayuso en El País amosa picos de presenza de emocións positivas notables, suxerindo unha estratexia mediática máis ambivalente, ademais do posible recoñecemento da súa forza. Non obstante, este patrón non se estende sistematicamente a todas as líderes, xa que

o caso de Yolanda Díaz é moi diferente, o que invita a futuras investigacións sobre os matices desta complexa interacción entre xénero, emoción e representación mediática, e tamén a seguir investigando no caso tan particular desta candidata.

Finalmente, a H4 foi rotundamente confirmada: a ideoloxía dos medios condiciona de forma crucial o tratamento mediático dos líderes. *El País* mostrou unha tendencia a representar favorablemente os líderes de esquerda e *El Mundo* os de dereita e, de feito, esta influencia non só se manifesta na polaridade da valoración, senón tamén na intensidade emocional e na caracterización específica do liderado. O exemplo máis destacado é o elevado e singular nivel de enfado dirixido a Pedro Sánchez en *El Mundo*, consistentemente ligado á estratexia do "antisanchismo" por parte da oposición. Pola contra, a contención emocional ou a aparente "neutralidade" prevalece na cobertura dos líderes afíns, funcionando como un mecanismo de protección e lexitimación implícita.

Así mesmo, esta análise empírica demostra, ainda que con limitacións, a existencia dunha inter-relación entre xénero, ideoloxía, temas, atributos e emocións na construción mediática do liderado político en España e, máis concretamente como os artigos de opinión actúan como axentes activos no "xiro afectivo" da política contemporánea, onde as emocións non son un mero adorno, senón ferramentas estratéxicas que moldean a percepción cidadá e inflúen nas dinámicas de poder. Con todo, dito isto, recoñécense as limitacións do estudo, derivadas dunha mostra reducida a dous medios de prensa escrita dixital e un período temporal específico tamén relativamente reducido. A selección de 24 artigos, inda que permite unha análise profunda, non representa a totalidade da cobertura mediática, a parte de que se deixaron fóra outros formatos relevantes como a televisión, a radio ou as redes sociais, o que pode introducir un nesgo no conxunto total da representación. Dito isto, compre mencionar que, para futuras liñas de investigación, sería de gran valor ampliar o *corpus* analizado a outros medios, incorporando tamén prensa rexional, diferentes formatos (audiovisuais, redes sociais, papel…) para observar a evolución dos patróns identificados. Sería tamén enriquecedor complementar esta análise con estudos de recepción que permitan coñecer como a cidadanía interpreta e interioriza estas construcións mediáticas, establecendo así unha ponte entre a produción e a recepción do discurso político. Outra liña que tamén podería resultar interesante sería comparar estes patróns en contextos políticos situados fóra do Estado Español, para identificar similitudes ou diferenzas culturais na representación de xénero e emocións no liderado político.

Finalmente, este traballo conclúe subliñando que, na complexa era da comunicación dixital na que nos atopamos inmersos, onde os fluxos de información son constantes e as emocións se intensifican, a comprensión crítica dos mecanismos discursivos empregados polos medios para construír e incluso desfacer a imaxe dos líderes é indispensable para desvelar as estratexias de influencia e os efectos sobre a participación e a deliberación democrática.

Bibliografía

Aaker, J. L. (1997). Dimensions of brand personality. *Journal of Marketing Research*, *34*(3), 347–356.

AIMC. (2024). *Estudio General de Medios. Resumen general de resultados*. Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación. https://www.aimc.es/egm

Alexander, D., & Andersen, K. (1993). Gender as a Factor in the Attribution of Leadership Traits. *Political Research Quarterly*, *46*(3), 527–545. https://doi.org/10.1177/106591299304600304

ATLAS.ti Scientific Software Development GmbH. (2023). *ATLAS.ti* (Versión 23) [Software informático].

Bass, B. M. (1990). From transactional to transformational leadership: Learning to share the vision. *Organizational Dynamics*, *18*(3), 19–31.

Burns, J. M. (1978). *Leadership*. Harper & Row.

Campbell, A., Converse, P. E., Miller, W. E., & Stokes, D. E. (1960). *The American voter*. Wiley.

Caprara, G. V., Barbaranelli, C., Consiglio, C., Picconi, L., & Zimbardo, P. G. (2003). Personalities of politicians and voters: Unique and synergistic relationships. *Journal of Personality and Social Psychology*, *84*(6), 1184–1195.

Clarke, S., Hoggett, P., & Thompson, S. (2006). *Emotion, Politics and Society*. Palgrave Macmillan.

Dalton, R. J., & Wattenberg, M. P. (2000). *Parties without partisans: Political change in advanced industrial democracies*. Oxford University Press.

Farrell, D. M., & Webb, P. (2000). Political parties as campaign organizations. En R. J. Dalton & M. P. Wattenberg (Eds.), *Parties without partisans* (pp. 102–128). Oxford University Press.

Friese, S. (2019). *Qualitative data analysis with ATLAS.ti* (3ª ed.). SAGE Publications.

García Beaudoux, V. (2012). Estereotipos de género, comunicación política y liderazgo femenino: ¿Para qué sirve la táctica de reencuadre? *Revista Question*, *1*(34). https://perio.unlp.edu.ar/ojs/index.php/question/article/view/1886

Gidengil, E., & Everitt, J. (2003). Talking tough: Gender and reported speech in campaign news coverage. *Political Communication*, *20*(3), 209–232.

Gwynn Thomas (2011). Michelle Bachelet's Liderazgo Femenino (Feminine Leadership). *International Feminist Journal of Politics*, *13*(1), 63–82. https://doi.org/10.1080/14616742.2011.534662

Heywood, P. (1991). Governing a new democracy: the power of the prime minister in Spain. *West European Politics*, *14*(2), 97–115.

Johnson, C., & Williams, B. (2020). Gender and Political Leadership in a Time of COVID. *Politics & Gender*, *16*(4), 943–950. https://doi.org/10.1017/S1743923X20000480

Just, M. (2007). Creación de imagen de liderazgo: después de Clinton y Watergate. En A. Garrido (Ed.), *Liderazgo político y democracia: la personalización de la política* (pp. 95–112). Tecnos.

Karvonen, L. (2010). *The personalization of politics: A study of parliamentary democracies*. ECPR Press.

Keeter, S. (1987). The illusion of intimacy: television and the role of candidate personal qualities in voter choice. *Public Opinion Quarterly*, *51*(3), 344–358.

Leal, I., & López, J. (2005). *Aprender liderazgo político*. Paidós.

Liu, B. (2012). Sentiment analysis and opinion mining. *Synthesis Lectures on Human Language Technologies*, *5*(1), 1–167. https://doi.org/10.2200/S00416ED1V01Y201204HLT016

Máiz, R. (2010). La hazaña de la razón: la exclusión fundacional de las emociones en la teoría política moderna. *Revista de Estudios Políticos* (nova época), *1949*, 11–45.

Marcus, G. E., Neuman, W. R., & MacKuen, M. (2000). *Affective Intelligence and Political Judgment*. University of Chicago Press.

Masip, P., Suau, J., & Ruiz-Caballero, C. (2020). Percepciones sobre medios de comunicación y desinformación: ideología y polarización en el sistema mediático español. *Profesional de la Información*, *29*(5), e290527. https://doi.org/10.3145/epi.2020.sep.27

McAllister, I. (2007). The personalization of politics. En R. J. Dalton & H. D. Klingemann (Eds.), *The Oxford handbook of political behavior* (pp. 571–588). Oxford University Press.

McGraw, K. M. (2003). Political impressions: Formation and management. En D. O. Sears, L. Huddy, & R. Jervis (Eds.), *Oxford handbook of political psychology* (pp. 394–432). Oxford University Press.

Miller, W. E., & Shanks, J. M. (1996). *The new American voter*. Harvard University Press.

Mouffe, C. (2007). *El retorno de lo político*. Paidós.

Muhr, T. (1991). ATLAS/ti — A prototype for the support of text interpretation. *Qualitative Sociology*, *14*(4), 349–371. https://doi.org/10.1007/BF00989645

Pang, B., & Lee, L. (2008). Opinion mining and sentiment analysis. *Foundations and Trends® in Information Retrieval*, *2*(1–2), 1-135.

Pennebaker, J. W., Booth, R. J., & Francis, M. E. (2015). *Linguistic Inquiry and Word Count (LIWC) User Manual*. LIWC.net.

Poguntke, T., & Webb, P. (Eds.). (2005). *The presidentialization of politics: A comparative study of modern democracies*. Oxford University Press.

Popkin, S. L. (1991). *The reasoning voter: Communication and persuasion in presidential campaigns*. University of Chicago Press.

Rahat, G., & Sheafer, T. (2007). The personalization(s) of politics: Israel, 1949- 2003. *Political Communication*, *24*(1), 65–80.

Rahn, W. M., Aldrich, J. H., Borgida, E., & Sullivan, J. L. (1990). A social-cognitive model of candidate appraisal. En J. A. Ferejohn & J. H. Kuklinski (Eds.), *Information and democratic processes* (pp. 136–159). University of Illinois Press.

Rico, G. (2012). La personalización del liderazgo político: Un análisis de la percepción ciudadana del liderazgo en España. *Revista Española de Ciencia Política*, *(28)*, 101–123.

